

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 14 - SETEMBRO/OUTUBRO 2003

GALICIA TIC
tecnoloxía
imparable

informática para minusválidos
que ninguén se quede atrás

linguas minoritarias na rede
loita pola supervivencia

o rincón do hacker
a via (de auga) dixital

almacenamento masivo de datos
adeus ós custes desorbitados

especial: galiciaTIC



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactor-Xefe

Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Antonio Fernández (Linux)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
Mariano Grueiro (Mac)
David Lombardía (Nova
Economía)
Sevi Martínez (Xogos)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Ramón Puente (Opinión)
Víctor Salgado (Dereito)
Fernando Sarasqueta e
Eva Vieites (Reportaxes)

Colaboraron neste número:

Miguel Merino, Hector
Sánchez, Manuel Balseiro,
David Lombardía, Pilar Otero,
Olalla Cociña, Enrique García,
Manuel Gago, Fernando Bouzas,
Mariano Grueiro, Emiliano
Gómez e Carlos Lozano.

Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús
Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Jofarpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Políg. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicía)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

**Número 14 (PREZO: 1€)
Setembro/Outubro 2003**

Publicación periódica
Tirada: 15.000 exemplares
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



A penas empezámo-lo outono e reincorporámonos á normalidade, e Galicia bule de actividade tecnolóxica. Setembro tróuxonos algunhas citas interesantes das que lles damos conta na sección de novas, pero somentes serían o anticipo do que nos teñen preparado encontros como Galiciatic ou Expoenter, entre outros. Tamén o sector audiovisual vén cargado de novidades preludio de grandes proxectos dos que lles iremos dando conta en "Código Cero".

Pero, mentres todo isto acontecía, neste recuncho a impresión xeral

é que cada vez máis a rede empeza a sufrir o acoso de intereses económicos que, fundamentándose na suposta defensa de colectivos cidadáns, tratan de xustificar decisións que únicamente buscan rendibilizalas súas carteiraas.

Como, se non, se pode entender que o próximo día 14 desapareza un dos servizos de chateo máis popular do mundo, o de MSN Chat, medida que curiosamente só se aplicará a Europa, Oriente Próximo, América Latina e a meirande parte de Asia. A decisión apóiase no crecemento de salóns de chat empregados por pederastas na busca de menores de

idade, o que non deixa de ser unha desculpa para pechar un servizo gratuito de éxito. Mark Gregory, experto en temas económicos da BBC, non dubidou en sinalar que o peche responde a motivos financeiros, dado que a penas xeran ingresos.

Aínda que estas canles de Chat en concreto a penas teñen incidencia en España, é preocupante que un dos líderes mundiais tome unha decisión deste tipo, á que de seguro seguirán outras empresas e servizos. Por certo, o peche só afecta ós chats gratuítos, pero non ós do seu servizo de pago.

E mentres elucubramos sobre as consecuencias desta decisión, que seguro que as haberá, os usuarios da tv dixital seguen xogando ó gato e ó rato. Eu piratéote, eu bloqueote, agora todo, agora parte. Non perdan o regreso de Breogán, unha volta longamente pedida polos nosos lectores.

Completamos número cun especial sobre Galiciatic e as habituais seccións da revista, que nesta ocasión incrementa a súa paxinación e tirada. Deica o próximo mes, vémonos en www.codigocero.com e nos foros do portal.

humor por K.Benlloch e S.Covelo



-ONTE VIN A HUGOITO, TIÑA UN OLLO MAZADO E NON ME QUIXO DICIR POR QUE.

- ¿DIGOCHO EU? MIRA ESTES FAKES! ¿A MIRA CARA ROLANDO POR INTERNET NESTE PLAN! - ¡MULLER, NON TE QUEIXES! COMPARA ESES CORPAZOS COAS TUAS.....***

-ONTE VIN A CRIS, TIÑA UN OLLO MAZADO E NON ME QUIXO DICIR POR QUE.

humor por K.Benlloch e S.Covelo

firma invitada

Galicia ante el reto de las TIC
Miguel Merino, Director de GaliciaTIC **4**

novas

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

entrevista

Héctor Sánchez Montenegro, director de seguridade de Microsoft Iberica:
"Galicia non tiene la exclusiva en datos negativos de implantación de TICs" **8**

reportaxes

Discapitados na Rede: querer é poder **11**
Idiomas pequenos na Internet: a sombra do inglés é longa **12**
O Cesga e a Universidade unen esforzos **14**
Pescastocks, as lonxas do futuro xa están aquí **17**
Condución segura: novas técnicas ó servizo da aprendizaxe **23**

nova economía

La logística en el comercio electrónico **15**
Google ya está en España **15**
Caixa Galicia: como mejorar la gestión de la empresa con las nuevas tecnologías **16**

e-comercio

Como construir unha tenda virtual **19**
Iniciativas galegas na Internet **20**

opinión

Audiofilia **21**
Que ven o coco **21**

a outra beira da mazá: mac

Novo hardware para o recen estreado curso **22**

o rincón do hacker

¿Se puede burlar la negra? **24**

barlovento

Perdetempos: páxinas para cando non hai nada que facer **25**

pc práctico

X-Scan. Analizador de vulnerabilidades **26**

Miguel Merino

Profesor titular de la Universidade de Vigo. Director de Galiciatic



Miguel Merino

Galicia ante el reto de las TIC

 Parece ya lejano el momento en que se acuñó el término de la era post-industrial para designar un cambio profundo en la estrategia y manera de conducir los negocios de los países desarrollados, y constatar que no estamos más que en el tercer año de la era post-dotcom o lo que es lo mismo, que han pasado tres años desde la burbuja tecnológica. La situación pasa por describirse como de debilidad manifiesta en los mercados tecnológicos y falta de recursos financieros en las TIC, en fin, pesimismo por doquier.

A nivel español, y según la Asociación Española de Empresas de Tecnologías de la Información (SEDISI), existen ciertos síntomas de recuperación, ya que el sector ha experimentado un crecimiento del 3,7% respecto al mismo período del año anterior. Esto puede significar un cambio de tendencia, ya que todos los trimestres del año 2002 tuvieron evolución negativa, sin embargo este crecimiento afecta principalmente al hardware (+5,7%) y software (13,4%), pero no a los servicios, que sólo crecieron un 0,2%.

Es aquí de donde podríamos sacar conclusiones para Galicia. Resulta que hace dos años no hacíamos más que pedir a empresas e instituciones que favorecieran el desarrollo de las infraestructuras de banda ancha, como medio para dinamizar las TIC, lo cual ahora se torna paradójico, por cuanto no hemos sido capaces de crear una demanda de servicios que las utilicen. Una vez más tenemos que constatar que existe mucha más oferta que demanda tecnológica y ello es coherente con el bajo crecimiento de los servicios en este sector. El hardware y el software son importados en su mayor parte, donde el valor añadido local es muy escaso, sin embargo son los servicios y especialmente los de integración tecnológica, son los que podrán dinamizar el sector TIC en Galicia, por el alto valor que podemos generar en ellos.

Todo esto es coherente con el último Observatorio gallego de las TIC correspondiente al año 2003. Las empresas gallegas se constata, están al mismo nivel o mejor que las de la UE en ordenadores (96%) y acceso a internet (84%), incluso un 33% tienen página web propia. También es importante el número de empresas que disponen de software de gestión (94%), incluso con un cierto nivel de integración (72%), pero resulta aún muy incipiente el grado de integración tecnológica en los procesos de negocio como puede ser la adopción de ERPs en la gestión, o tecnologías de Comercio Electrónico para las transacciones con clientes y proveedores, como lo evidencia que el impacto positivo en la competitividad solo se reconoce en menos del 50% de las empresas y lo mismo sucede con la disponibilidad de redes corporativas, que son las infraestructuras más importantes

a la hora de favorecer el conocimiento corporativo.

Por tanto se puede deducir que existe una demanda latente, o más bien una potencialidad de crecimiento del mercado de una cierta importancia, y en este caso no se trata de un problema de infraestructuras fundamentalmente, sino de un conocimiento real por parte de las empresas del impacto positivo de las TIC en su competitividad.

Un estudio elaborado por AMD descubre que la razón principal por las que las empresas no hacen adquisiciones TIC no son tanto económicas, o de justificación de la inversión, sino la dificultad de entender el lenguaje de la tecnología, cargado de una terminología excesivamente compleja. Este estudio realizado entre 1.500 usuarios de todo el mundo revela que solo un 3% de los encuestados contestó correctamente a un cuestionario en el que se planteaban términos tecnológicos comúnmente utilizados por los tecnólogos.

Esta constatación nos apunta un camino real para abordar lo que esperamos de la dinamización del sector desde la demanda, y cuál es el papel que pueden jugar las empresas gallegas en este proceso.

Por un lado es necesario desde las instituciones públicas y privadas fomentar la transmisión del conocimiento tecnológico y su aplicabilidad a todo tipo de negocio, en especial los tradicionales en nuestra región, pues son los que tienen capacidad de crecer con ayuda de las TIC. En este tipo de acciones se enmarcan iniciativas como Galiciatic, que representa un foro de difusión y debate sobre el conocimiento tecnológico y una puesta en común de los escenarios de aplicación tecnológica, ya sea madura o vanguardista, para lograr un impacto real y positivo en los negocios, a la vez que se promueve un efecto didáctico y de demostración práctica que ayude a comprender mejor el proceso de aplicación de las TIC por sus potenciales destinatarios.

Por otro se debe ayudar a identificar la posición de nuestras empresas en la cadena de valor, para que sea más eficaz en términos de economía de esfuerzos y máxima rentabilidad, con vocación globalizadora, lo cual implica desarrollar las redes de distribución en términos desconocidos hasta ahora, favoreciendo la concentración del sector y las alianzas con medianas y grandes corporaciones para este cometido.

En este último objetivo es de destacar la iniciativa promovida por el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y la Xunta de Galicia, con la creación de un clúster de la Información y el Conocimiento, Cluster Ineo, con más de 800 miembros y un conjunto de proyectos a iniciarse según propone su Plan Director.

"Resulta que hace dos años no hacíamos más que pedir a empresas e instituciones que favorecieran el desarrollo de las infraestructuras de banda ancha, como medio para dinamizar las TIC, lo cual ahora se torna paradójico, por cuanto no hemos sido capaces de crear una demanda de servicios que las utilicen. Una vez más tenemos que constatar que existe mucha más oferta que demanda tecnológica..."



A Xunta presentou en Varese (Italia) a próxima "capital" europea da animación: Santiago

A cidade italiana de Varese foi foco hai uns días de boas novas para a promoción do audiovisual galego. Unha delegación da Xunta presentou alí o próximo escenario (no 2004) da celebración do Cartoon Forum: Santiago de Compostela. O foro 2003, que se desenvolveu na localidade transalpina, é un encontro a nivel europeo onde produtores e distribuidores do sector da animación comparten experiencias e, por suposto, todo tipo de proxectos a levar a cabo, sendo as novas tecnoloxías un dos principais eixes sobre os que xiran as intervencións. Por certo que os obxectivos da Xunta á hora de atraer a celebración desta xuntanza (organizada pola Asociación Europea da Animación) son os seguintes: facer todo o posible para que as empresas galegas do sector se consoliden no eido internacional e adquirir todo tipo de coñecementos para que as producións audiovisuais da nosa rexión sexan aínda mellores e máis competitivas.

Cidade da Imaxe en Compostela: acéptanse proxectos técnicos

A Cidade da Imaxe en Compostela segue a camiñar con paso firme. A última nova que chegou sobre ela á redacción de Código Cero é a que fai referencia á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio de licitación co que se procederá a contratar a unha empresa que elabore o plano técnico do polígono Cidade da Imaxe, orzamentado en máis de 83.000 euros. O que se pretende con esta iniciativa é a ordenación urbanística do solo de San Marcos que ubicará o recinto das empresas do sector da Imaxe e as Comunicacions, nas proximidades da Televisión de Galicia. A superficie sobre a que se perfilará o plano é de medio millón de metros cadrados. Detrás deste proxecto, ademais do recentemente creado Clúster do Audiovisual Galego, está o Concello de Santiago e a Consellería de Industria e Innovación. En realidade, a posta en marcha da Cidade da Imaxe non é máis ca un reflexo do que está a acontecer no sector Audiovisual en Galicia (terceira rexión no ranking español de produción). O parque empresarial será o cuarto destas características proxectado en España, precedido polos de Madrid, Valencia e Barcelona. Contará ademais coas máis modernas instalacións: platós, sistemas de comunicación, etcétera.



Notas dos exames vía teléfono móbil: cada vez máis preto

Os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela terán, se cadra nun futuro inmediato, un "informador" oficial na rede telefónica que os poña ó tanto das súas calificacións. Sobra dicir que as mensaxes que cheguen ós móbiles tanto lles poden mellorar o día como arruinarlo, pero esa é a natureza (asumible e, en xeral, moi ben recibida entre o alumnado) dun interesante proxecto da USC baseado no uso dun mecanismo de comunicación ós estudantes das súas calificacións provisionais. Algo así como un tablón de anuncios personalizado vía telefónica. As primeiras probas ó respecto xa foron realizadas como experiencia piloto na escola de Relacións Laborais de Santiago con xoves inscritos en Informática Aplicada (mozos que asinaron un documento o día da proba conforme dában a súa conformidade). A experiencia foi positiva (xa foi usado en Selectividade), de aí que se segue adiante coa iniciativa e se teña proxectado facer outra proba no mes de decembro noutros departamentos. A pregunta que se estarán a facer todos aqueles estudantes que non puideron disfrutar deste servizo é cómo será unha mensaxe destas características. Máis ou menos así: "Historiografía Xeral. Suspenso", seguido da data e horario de revisión dos exames. Parco e conciso como un telegrama. Un dos obxectivos da USC con esta iniciativa é evitarlle un gasto e un esforzo ó alumno medio de calquera facultade (chamadas ás mesmas para coñecer-las notas), ademais de informalos cumpridamente de datas de revisión.



Lista a cuarta edición de Expoenter, escaparate do último en tecnoloxía

A Fundación de Ferias y Exposiciones de Ourense, Expourense, atópase atarefada estes días cos derradeiros retoques do que será a cuarta edición de Expoenter, Salón Multimedia y de las Telecomunicaciones, que servirá unha vez máis de inmemorable marco de reunión ó máis representativo das novas tecnoloxías no noso país. Por certo que este ano esta tecnofeira abrirá as súas portas entre o 5 e o 8 de decembro, catro xornadas para mostrar ó público "os últimos avances nun amplo abano de innovacións no eido das TIC, sector en plena evolución, como é o caso da informática, a telefonía móbil, Internet, a fotografía e imaxe dixital ou o mantemento de sistemas, entre outras opcións de uso crecente, como o comercio electrónico". Os responsables aseguraron ademais que os dous obxectivos básicos da feira están xa conseguidos de antemán: ofrecer solucións á medida e necesidade de cada usuario (con especial atención ás pemes), pero sen deixar de lado a un público interesado en coñecer in situ as últimas novidades. Sexa como sexa, Expoenter chega este ano xusto no que podería ser o momento preciso: agora que tanto os indicadores alleos como as propias opinións dos implicados no sector aseguran que hai motivos para ser optimistas respecto ó mercado das novas tecnoloxías en España e en Galicia.



Os plans urbanísticos de toda Galicia, visitables na Rede

Os plans urbanísticos da totalidade dos concellos galegos estarán a disposición dos cidadáns na Rede a finais do vindeiro ano. A iniciativa corre a cargo da Consellería de Política Territorial e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), e desenvólvese a raíz do convenio asinado entre o máximo responsable do devandito departamento da Xunta, Alberto Núñez Feijoo e a presidenta de COAG, María Teresa Tabeirós. O proxecto _un interesante paso máis cara o achegamento ós terminais dos galegos de todos aqueles temas que poidan ser do seu interese_ levará consigo un investimento total de 384.000 euros. En canto ós obxectivos da iniciativa _o xérmolo está na proposta do COAG de hai tres anos_, son os seguintes: "Facilitar a profesionais e a cidadáns información sobre os tipos de parcelas que se estenden por toda a comunidade". Por certo que Galicia é a única rexión, xunto con Madrid, na que se ofrece un servizo global destas características en Internet.

Internet chegará en outubro a Valdoviño e A Capela

Os veciños de A Capela e de Valdoviño que aínda non dispoñan de acceso a Internet por falla de infraestrutura axeitada no seu territorio, poderán solicitar a conexión a esta rede a partir de outubro. Telefónica modernizou as liñas substituíndo as chamadas TRAC (Telefonía Rural de Acceso Celular) por outras máis modernas. A empresa está obrigada a satisfacer esa demanda antes dos sesenta días de que se cursase a petición, segundo informou a Consellería de Industria. O Plan Nacional de Acceso a Internet establece que a finais deste ano o 86% dos galegos estarán conectados a esa rede. No 2004 chegará ó 100%, segundo a Xunta. Por outra banda, o Concello de A Capela leva oito meses esperando a que Telefónica retire os postes que entorpecen o paso dos peóns nas beirarrúas construídas na travesía de As Neves.

Ciencia e tecnoloxía paseniñas... ¿Pero chegan?

O 70% dos españois amosan un interese crecente pola tecnoloxía, segundo o estudo "Percepción Social de la Ciencia y la Tecnología en España" (FECTY), inda que falan con reservas sobre a información que reciben ó respecto. Precisamente, unha das queixas máis reiteradas da cidadanía é a escasa e insuficiente información que lle chega a través dos medios de comunicación, sendo a televisión, os libros, a radio e as revistas, nesta orde decendente, as principais plataformas de difusión. No caso galego, tomando unha mostra de poboación semellante ó conxunto español, os datos que se obteñen son nítidos: un 12 % amósase como crítico desinteresado; un 27% como procientífico medido; un 22% como procientífico entusiasta; un 23% como desinformado e un 16% de poboación sen disposición. En materia económica a idea máis espallada é que os recursos públicos adicados á Ciencia son moi exiguos, entendendo que o principal inconveniente que ten a profesión de investigador vai por este camiño. Segundo crenza cidadá, a precaria remuneración preséntase coma a principal causa do éxodo dos nosos científicos ó estranxeiro, á vez que se expresa un claro desexo de cara ó futuro para que os esforzos da investigación no eido da medicina e a saúde xeren os resultados esperados.



TECNOLOXÍA E DESEÑO

CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVICIOS

¿Quiénes somos?

El Centro de Innovación y Servicios de Galicia está creado para ayudar y complementar a la empresa gallega, detectando y asesorándola en sus necesidades tecnológicas y aportando soluciones específicas

¿Qué Hacemos?

SISTEMAS INFORMÁTICOS

Bases de Datos a medida. Desarrollo de Aplicaciones y Sistemas de Información.

MULTIMEDIA

Presentación de actividades y productos en soporte digital, Diseño y Animación 3D, Diseño WEB.

TELEMÁTICA

Desarrollo de servicios para entornos de comercio electrónico, Asesoría y apoyo técnico en las necesidades de comunicación de la empresa.

FORMACIÓN

Formación Multidisciplinar para profesionales recién titulados. Programas Master.

CAPTACIÓN Y GESTIÓN DE AYUDAS Y SUBVENCIONES PARA PROYECTOS

Captación de Recursos a través de las líneas de Ayudas existentes a nivel regional, nacional y europeo.

O Linux protagonista en Vilagarcía de Arousa

Coincidiendo coa celebración de FEXDEGA a finais de setembro, o Grupo de Amigos de Linux de PONtevedra (Galpon) promoveu o primeiro Congreso de Grupos de Usuarios de Linux do Noroeste da Península Ibérica, que se celebrará os días 27 e 28 na Casa da Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa. Entre as actividades desenvolvidas destacaron o encontro de usuarios, charlas, coloquios e obradoiros, sendo a entrada libre para tódalas actividades do Congreso. Na semana de FEXDEGA, Galpon estivo presente organizando conferencias sobre a implantación do software libre no ámbito empresarial.



Mozos fineses intercambiaron coñecementos cos galegos a través do R

A Rede, na que normalmente todo se realiza a distancia, tamén pode ser un motivo de encontro entre persoas. Un bo exemplo disto é o que aconteceu estes días pasados coa Rede de Información Xuvenil da Xunta de Galicia (RIX), da que falamos polo miúdo no número 12 de Código Cero en papel. A través do RIX e os seus servizos na web, cinco xoves fineses que viñeron a Galicia en virtude dun intercambio promovido polo "Instituto de la Juventud de España", tiveron a posibilidade de entrar en contacto con varios centros xuvenís da nosa rexión. Os cinco mozos, que se reuniron coa directora xeral de Xuventude, Loreto San Martín, ocuparon parte da súa estancia en coñecer de primeira man os departamentos de información para xoves de Ribadavia, Boqueixón, O Carballiño e o Forum Metropolitano Municipal de A Coruña. A xulgar polas declaracións do departamento que dirixe San Martín, os obxectivos do intercambio a través do RIX é "contribuír no posible ó intercambio de coñecementos entre mozos de dúas culturas distintas e, ademais, formalizar un marco para futuros proxectos similares que estreiten a cooperación entre Galicia e outras comunidades europeas".



Filmax reforza os seus fondos cunha ampliación a 50 millóns de euros

A empresa do audiovisual Filmax presidido polo galego Julio Fernández Rodríguez, busca consolidarse no sector audiovisual cunha ampliación dos fondos propios a 50 millóns de euros. Este incremento de capital repercutirá, como xa dixemos no anterior número de Código Cero, en beneficio do sector en Galicia: a través da filial Bren, promovendo películas filmadas no noso país ou abrindo novas salas de cine. Polo que respecta á devandita ampliación dicir que foi suscrita pola Xunta de Galicia (XES GALICIA-9,8%), a Generalitat de Catalunya (ICF HOLDING-3,9%), a Sociedad Estatal de Participaciones Industriales y Desarrollo Empresarial (SEPIDES-9,8%), Caixa Laietana (7,8%) e Spinnaker Media SCR (GRUPO RIVA Y GARCIA-7,8%), para o desenvolvemento do seu programa estratéxico. Esta operación contou co asesoramento de Ahorro Corporación. Filmax é unha organización da industria audiovisual especializada na creación, produción, post-produción dixital e a distribución de contidos para os mercados nacionais e internacionais. Exemplos claros do íntimo velleiro entre Filmax e Galicia son a rodaxe de "Romasantana" en escenarios da nosa país ou a produción de El Cid, La Leyenda (con ampla intervención artística de Bren, con sede en Compostela). Filmax ten unha plantilla estable de 325 persoas repartidas entre os centros de traballo de L'Hospitalet e Diagonal de Barcelona, Madrid e Santiago de Compostela. A firma obtivo o pasado exercicio uns ingresos de 80,3 millóns de euros.



Comezan os cursos de "informatización" da sociedade galega do Centro Multimedia

O Centro Multimedia de Galicia, organismo dependente da Consellería de Cultura, deu inicio este 1 de outubro ós seus cursos e talleres do Programa de Formación 2003-2004. Co obxectivo de formar á sociedade galega no emprego de Novas Tecnoloxías Multimedia, o devandito centro vén desenvolvendo dende o ano 2000 uns Programas de Formación gratuítos emitidos desde o CMG á Rede de Aulas Multimedia a través da Autoestrada Galega da Información. O Programa de Formación 2003-2004 baséase en dúas grandes liñas de actuación:

cursos (Fundamentos de vídeo dixital; Iniciación á animación 3D; Introducción á produción audiovisual) e talleres (Internet; Creación de sitios Web) que terán lugar na sede do Centro Multimedia de Galicia e poderán ser seguidos a través de videoconferencia dende as Aulas Multimedia que o CMG ten á súa disposición



en A Coruña, Santiago, Riveira, A Estrada, Pontevedra, Redondela, Vigo, Lugo, Monforte, Ourense e Verín. Os interesados en inscribirse nesta ou en futuras edicións poderán facelo a través da web www.cmg.xunta.es, ou mediante o número de teléfono 981 545 062.

Google estrea o seu servizo de novas en castelán

Despois de abrir oficinas en España e inaugurar unha versión española do ser buscador, Google comeza a ofertar o seu servizo Google News España, que recolle de xeito automático as novas de 700 fontes de información. Entre as fontes están os principais xornais españois (como La Voz de Galicia, El Mundo ou ABC), varios hispanoamericanos (Clarín ou La Tercera), cadeas de radio e televisión (a COPE ou Antena 3 TV), medios deportivos (Fox Sports ou Marca), weblogs (barrapunto.com) ou outros medios. As novas catalogáanse en categorías (España, Internacional, Economía, Ciencia/Tecnoloxía, Deportes, Espectáculos e Saúde) e tamén permiten a busca mediante o motor de Google, polo que é doado atopar novas sobre temas de actualidade. O acceso a esta páxina de novas realízase a través de <http://news.google.es>



Tres novas publicacións chegarán á Rede este outono

Culturagalega.org informou de que a partir deste outono haberá 3 novas publicacións na rede: Lince Ibérico, GZe-ditora e Galicia Información. Lince Ibérico (<http://www.minho.online.pt/lince>) é unha revista literaria que se publicará en formato PDF e que quere dar cabida a textos escritos en todas as linguas peninsulares. No mesmo formato está xa dispoñible o primeiro número de GZe-ditora, dedicada á creación e á crítica literaria galego-portuguesa. Finalmente, a partir do dous de outubro poderase consultar na rede un novo xornal electrónico Galicia Información.com, no que participa boa parte do xornal A Contrafío que xa desapareceu da rede.

A Arquidiocese de Santiago de Compostela estrea nova web en castelán

A Arquidiocese de Santiago de Compostela (<http://www.archicompostela.org/>) estrea nova aparencia web e máis contidos, constituíndo unha web útil para orientarse na complexa xerarquía eclesial. O novo espazo tamén inclúe o catálogo de fondos do Arquivo Histórico Diocesano (<http://www.archicompostela.org/archivo/default.htm>), boletíns oficiais, bibliografía, pastorais familiares, e moita información sobre as súas institucións. A web non ten versión en galego, xustificando esta decisión o director do departamento de informática da curia compostelá quen afirmou que foi unha decisión tomada polo carácter universal da web, dado que o español é unha lingua máis espallada. Tal vez sería convinte que se deran unha volta por <http://www.bizkeliza.org> (bispado de Bilbo en tres idiomas), Barcelona (<http://www.arqbcn.org/> en tres idiomas), a diocese de Tui-Vigo (<http://www.diocesetuivigo.org/> en galego), diocese de Lugo (<http://www.igrex.com/lugo>) en galego e a diocese de Mondoñedo-Ferrol (<http://www.mondonedoferrol.org/> en tres idiomas incluído galego), por non falar da do Vaticano en varios idiomas.



R realiza unha ampliación de capital


O operador galego do cable R subscribiu unha nova ampliación de fondos propios por valor de 55.323.000 euros, o que pon de manifesto a fortaleza patrimonial da compañía, que xa executou en Galicia un investimento acumulado superior ós 312 millóns de euros. Con esta iniciativa, R pretende estender a cobertura e poder dar servizo así a 440.000 fogares e empresas de Galicia. Actualmente a compañía xa supera a cifra dos 110.000 clientes. A participación accionarial na compañía mantense trala ampliación de capital, seguindo a ser os socios maioritarios Unión Fenosa e Caixanova. Os socios tiveron que aportar un total de 200 millóns de euros, que se distribúen en capital social, prima de emisión e outras aportacións dos accionistas, completándose o financiamento de R cun crédito sindicado de 228 millóns de euros.



"Galicia no tiene la exclusiva en datos negativos de implantación de TICs"

En la pasada Semana Internacional de las TIC, la seguridad de los sistemas informáticos fue, por así decirlo, el tema entre los temas. Se entiende bien que sea uno de los asuntos que más quebraderos de cabeza provoca en las empresas, ahora que la sociedad entera la demanda casi al mismo nivel (o más) que restantes servicios o funcionalidades. Código Cero tuvo la oportunidad de charlar con **Héctor Sánchez Montenegro**, director de seguridad de **Microsoft Ibérica**, quien nos habló de proyectos como **Trustworth Computing** y que no escatimó alguna que otra broma cuando Kevin Mitnick (invitado estrella del congreso), el "hacker" por excelencia, surgió en la conversación. La cuestión es: ¿no resulta curioso que en un foro donde tanto se habla de seguridad aparezca una persona que representa, en teoría, todo lo contrario? ¿o en lugar de curioso se podría definir, desde el lado positivo, como "enriquecedor"?

por REDACCIÓN

 -Su compañera **Rosa García**, consejera delegada de **Microsoft**, comentaba que **Microsoft** es un ejemplo de seguridad informática a nivel mundial...

-Si hablamos del conjunto de la compañía le podré decir que **Microsoft** recibe cientos de miles de ataques al mes, y puede que millones al año... estoy hablando a nivel de webs corporativas, por ejemplo. Pero si hablamos de nuestros productos, podemos decir que son seguros, y más que otros sistemas de los que se está hablando mucho últimamente.

"Sea o no un gran tipo, el ex-hacker Kevin Mitnick accedió en su día a la propiedad privada y física de alguien. Ahora parece que ha expiado sus culpas y está bien saber cuáles eran sus motivaciones y conocimientos. Pero no nos pase-mos endiosándolo"

Hace poco se publicaron unas estadísticas que arrojaban el siguiente dato: el crecimiento de los problemas de seguridad en **Linux** era el año pasado un 25 por ciento mayor que en **Windows**. ¿A qué viene esto? Muy sencillo: conviene informar, no quedarse en la superficie de las cosas. En **Microsoft** queremos dar una información que, al parecer, no se está dando. La gente es libre de elegir lo que quiera, pero debe hacerlo objetivamente. Dicen que **Linux** es seguro, pero ¿quién lo dice, y por qué se dice? Se ha montado una gran estructura que impide ver la realidad que existe justo detrás.

-Cambiando de tema, usted sabrá que Galicia no está precisamente a la cabeza en el afianzamiento de la Sociedad de la Información, ¿cómo ve usted nuestra situación?, ¿cree que eventos como esta Semana de las TIC ayudan a solucionarlo?

-Bien, vayamos por partes. En primer lugar, estoy de acuerdo en que las estadísticas no proporcionan datos muy buenos en Galicia. Pero es un problema a nivel global, no se engañen. No es un asunto específico de ustedes. La solución pasa por una actuación efectiva de las distintas Administraciones. Y la educación de la sociedad en estos asuntos. Foros como éste en el que nos encontramos también son muy importantes.

-¿A nivel nacional?

-Por supuesto. Lo digo sin dudar, es un acontecimiento importantísimo en España. Por su difusión, por lo que contribuye a divulgar las nuevas tecnologías, por el nivel de sus ponentes... por cierto, este año creo que viene **Kevin Mitnick**.

-¿No le parece chocante que Mitnick acuda a un congreso donde tanto se discute acerca de los métodos más efectivos de proporcionar seguridad informática?

-(una pausa) Creo que habéis dado en el clavo. Pero, con todo, creo que tiene que ser muy enriquecedora su presencia, una persona que hable desde "el otro lado". Sea como sea considero que no se debería magnificar tanto su persona. Sea o no un gran tipo, accedió en su día a la propiedad privada y física de alguien. Ahora parece que ha expiado sus culpas y está bien saber cuáles eran sus motivaciones y conocimientos. Pero no nos pase-mos endiosándolo. Al fin y al cabo no creo que sea bueno que determinadas personas descubran las vulnerabilidades de una empresa, un banco por ejemplo, y a continuación lo hagan público, en beneficio del banco y sus clientes, siendo aplaudidos por ello. Lo de "ayudar" es muy relativo, si se piensa bien. Las cosas se distorsionan, a veces, en el mundo de las nuevas tecnologías de la información.


-En términos generales, ¿cuál será el tema de su ponencia en el congreso de e-gallaecia?

-Presentar una iniciativa de **Microsoft** que lleva por nombre **Trustworth Computing**, una iniciativa que gira alrededor de un pilar básico en la Sociedad de la Información: la seguridad. Es un proyecto global que afecta íntegramente a todos nuestros productos y a todos nuestros trabajadores. Queremos crear una confianza total en nuestros sistemas operativos. Se compone este proyecto de cuatro puntos fundamentales: seguridad por diseño (la seguridad es una parte crítica en el diseño de cualquier producto), seguridad por defecto (mayor seguridad y funcionalidad por defecto menor), seguridad en el despliegue (facilitamos la distribución de seguridad de la forma más efectiva posible) y, por último, comunicaciones. Esto último se puede definir con una sola palabra: transparencia. Transparencia absoluta con todos los problemas de seguridad que ocurran en las plataformas **Microsoft**.



SOFTGAL

consultoría
integración de sistemas
software factory
infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa

EXPOenter

2mil

IV Salón
Multimedia y de las Comunicaciones
Ourense, del 5 al 8 de Diciembre de 2003



ORGANIZA



Piñeira Sevilla, 52105 Ourense
Apdo. Correos 132 - 32080 Ourense
Telf. 988 36 60 31 - Fax 988 36 62 04
www.expourense.org
expourense@expourense.org

COLABORAN



Os ordenadores non están feitos para todos. Din que a tecnoloxía, as máquinas en xeral, deben afacerse ás persoas, e non ó contrario, pero en realidade os equipos informáticos exercen en ocasións unha sorte de dictadura inflexible, a dictadura do común. Os teclados convencionais non están orientados a xente con problemas de mobilidade e as pantallas... ¿que ocorre se problemas de visión che impiden ver a páxina que estás a visitar? Entramos entón no paradoxo: se Internet e a Sociedade da Información en xeral son de por si fenómenos de carácter universal, de natureza democrática, ¿por qué as persoas con minusvalías teñen que poñer tanto da súa parte por entrar nese proceso global? Coa fin de solventar este e outros problemas, colectivos como a Confederación Galega de Minusválidos púxose dende hai tempo (dende o 1990) mans á obra cunha serie de programas e cursos para discapacitados.


Se internet é un fenómeno universal ¿por qué os minusválidos teñen que poñer tanto da súa parte por entrar neste fenómeno?

A nosa revista falou coa COGAMI e entre outras cousas, sacou en claro que é tan grande o interese dos colectivos con minusvalías por integrarse na Sociedade da Información que moitos lectores levarían máis dunha sorpresa. Hai ben pouco a confederación puxo en marcha o terceiro curso de Alfabetización Tecnolóxica a Distancia, que suporá que a finais deste ano haxa 100 galegos formados neste programa. A iniciativa consiste “nunha acción formativa desenvolvida a distancia nun itinerario formativo de 400 horas dirixido á aprendizaxe do manexo básico do ordenador”. A COGAMI encárgase da instalación dos equipos, da conexión a Internet e do mantemento, cun custe de 25 euros por alumno. Igualmente, destaca o

proxecto Infordis, que comezou a súa andaina en outubro do ano pasado e que será implantado totalmente a finais do 2004. Con este plano trátase de subsanar o terriblemente ineficaces que véñen sendo as ferramentas informáticas (educación a distancia) postas en práctica ata o momento para os minúsvulos. Constará de tres módulos: empregado de oficina, agricultura ecolóxica e deseño gráfico. Os alumnos (30 galegos), con diversos tipos de discapacidades, comezarán a formarse en breve. Noutra orde de cousas, dicir que recentemente se traduciron ó galego tódolos programas dunha iniciativa similar, o **Proxecto Fressa**. Partindo da premisa de que todo o mundo ten dereito a utilizar as novas tecnoloxías, e de que, ademais, o seu uso pode mellora-la calidade de vida destas persoas, o profesor



Jordi Lagares (mestre de Matemáticas nun instituto da provincia de Girona) mantén na Rede esta cumprida serie de aplicacións (www.totipm.com) para a educación especial, de baixada gratuita. Beatriz García Oñate e Alberto Cifuentes Torres foron os responsables de levar ó galego estas ferramentas, deseñadas segundo a máxima de “adapta-las máquinas ás persoas e non, como se ten feito equivocadamente, á inversa”. Os responsables da tradución destes programas quixeron destaca-las vantaxes dos **plaphoons**, que consisten nun sistema completo de comunicación para usuarios con dificultades motoras e na fala e aplicable na aprendizaxe á lectoescritura. Dende aquí, dende Código Cero, animamos ás persoas interesadas a obter máis información ó respecto na páxina web citada máis arriba, posto que se trata dun dos poucos sistemas informáticos desta índole editado en lingua galega.



discapacitados na Rede: querer é poder

Dende esta revista ofrecemos periódicamente reportaxes dirixidos a todos aqueles que, por te-la sorte de seren educados nas novas tecnoloxías acceden a cotío á Sociedade da Información. Pero por unha vez imos abordar o tema dunha óptica ben distinta. Ou sexa: ¿que ocorre con todos os que non teñen a capacidade para facelo? Ou para dicilo doutra maneira: ¿que acontece se tes unha minusvalía que che impide facer uso da informática (falta de mobilidade, ausencia de visión, etcétera)? As distancias que xa de por si teñen que salvar estas persoas para integrarse na sociedade son grandes, e aínda o son máis se as novas tecnoloxías se interpoñen. A nosa revista, na que queremos unha Rede para todos, fixemos un repaso xeral do que se está a facer en Galicia pola cuestión. Tamén falamos da loita destes colectivos por non quedarse atrás (que o mundo vai moi de présa), unha loita da que aínda pouco sabemos.



O que está a facer a ONCE

A nosa revista tamén falou coa presidenta da ONCE en Galicia, Dolores Venancio, quen nos puxo ó día das posibilidades que ten unha persoa invidente (parcial ou total) de facer uso dun equipo informático. En primer lugar disporá da liña Braille, que consiste en poñer na parte de abaixo do teclado un dispositivo que reflicte o que vai aparecendo na pantalla pero en Braille. Igualmente, os invidentes parciais teñen a posibilidade de que se lles amplíen os caracteres das páxinas que visitan. E tamén está o “Jaws” (“mandíbulas” en inglés), unha ferramenta que por medio da voz pon ó usuario ó tanto de todo o que hai na pantalla. Este sistema, por desgracia, non pode ser utilizado en tódolos portais que se visitan, emporiso a ONCE (dende as axencias de ámbito nacional e dende as que ten na meirande parte das cidades galegas importantes) está a facer unha campaña de concienciación para que empresas e institucións públicas de uso moi común inclúan esta ferramenta. Para máis información, o colectivo recomenda visitar www.once.es.



Idiomas pequenos na Internet: a sombra do inglés é longa.... pero non tanto



No proceso de universalización propiciado por Internet e outros axentes pouco sitio parecía quedar para as linguas minoritarias. O inglés, como un xigante idiomático que apenas deixa espazo para respirar, semella a primeira vista o cabalo gañador na carreira pola imposición cultural. Pero (collendo emprestada a introducción dunha coñecida colección de tebeos), compre dicir que aínda hai quen resiste “todavía y siempre” ó invasor anglófilo. Neste artigo que segue analizaremos algunha das últimas e máis destacadas iniciativas xurdidas na Rede en beneficio do falas pequenas. Daremos conta de Lingualia, de Ciberlingua e tamén dunha curiosa iniciativa, www.galinus.com/avaliaxe, onde tanto se ensalzan as empresas e institucións que apoian o galego como tamén se pon a caldo ós que optan polo máis forte: o castelán.

por REDACCIÓN

Foi o portal de Vieiros (por certo un dos que máis leva loitando en Galicia por todos eses motivos de loita citados arriba) o que puxo sobre a pegada: semella que algo se axita onde antes só existía a quietude (para o caso sinónimo de submisión). ¿Tolería ou ben arranque de lucidez? Quizáis a resposta sería “compromiso”. Como o que amosan os responsables de Lingualia, un proxecto presentado recentemente en Cataluña con motivo do Día Europeo das Linguas, o pasado 26 de setembro. Trátase dun esforzo en certa maneira ambicioso por ofrecer a internautas de todo o mundo cumpridos datos sobre as web minorizadas de Europa. Detrás deste proxecto áchase a Oficina Europea de Linguas Minorizadas,

que incluírán no portal os seguintes servizos: apartado de novas, axenda actividades, listas de ligazóns e unha sección enciclopédica. Por certo que ata o de agora (a páxina aínda está moi verde) contidos e dispositivo de navegación pódense utilizar nestes idiomas: occitano, alemán, ruso, catalán, sardo, dinamarqués, xuvaixo, francés, inglés, vasco, bretón, gaélico de Irlanda, caló, lituano e, agardamos que nun futuro próximo, o galego.

E xa que chegamos ó tema do galego, cómpre facer referencia a unha iniciativa máis próxima e, en certa maneira, igual de comprometida. Trátase de www.galinus.com/avaliaxe/, onde se avalía, a xulgar polos resultados con total independencia, a utilización do galego por parte de empresas e institucións

públicas da rexión. Unha visita rápida á web guindará o visitante os seguinte panorama (polo menos o ranking estaba así o pasado 26 de setembro): o Ayuntamiento de La Coruña atopábase nun dos postos de honra, pero non por arriba senón nos postos baixos. Da mesma maneira ensálzase a laboura a prol do **castelán** por parte do Real Club Celta de Vigo ou El Corte Inglés. Na outra cara da moeda, na sección de “heroes”, estarían, por poñer un exemplo, a librería A Palabra Perduda, a devandita Vieiros, Imaxin Software, Bacalhau da Loira, Reverso Servicios Lingüísticos ou La Caixa. Esta iniciativa, na que por suposto pode participar máis xente cós directamente responsables, está a ter bastante éxito (do que se trata é de compilar o máximo posible de comentarios).

Ciberlingua, profesores en loita polo galego en Internet

Malia que recentemente se fixese público o dato de que o galego está no posto 39 do reparto da Web por idiomas (segundo un discutido estudio de Softcatalá), hai quen opina que queda moito camiño por percorrer. Para incrementar a presenza do noso idioma na Rede e para dár con solucións a outros problemas de similar catadura, un grupo de mestres galegos e algunha que outra institución pública puxo en marcha o proxecto **Ciberlingua** (www.ciberlingua.org), que se achega á súa “terceira entrega” (as primeiras a xuízo deles foron un éxito) e que busca, en liñas xerais, acadar os seguintes **obxectivos**. **1.**Levar a escola á Sociedade de Información e da Comunicación con accións formativas dirixidas ó corpo docente, pais e nais e ó alumnado. **2.**Lograr a normalización lingüística consolidando o galego como lingua habitual en todos os ámbitos comunicativos e tecnolóxicos. Deste xeito, o proxecto viría a encher unha especie de baleiro ou terra de ninguén entre “estradas paralelas”, ou sexa, entre gran parte dos galegos e Internet, e tamén entre a Rede e a nosa lingua, onde ésta debe figurar por dereito.


Na iniciativa colaboran neste momento os Concellos de Vigo, Pontevedra, Santiago, Lugo e Ferrol, xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), CIG-Ensino e o Instituto de Desenvolvemento de Software en Galego. A laboura de Ciberlingua ten dúas frentes: por unha banda actúase directamente nos destinatarios e, pola outra, procédese a editar material de aprendizaxe (*Navegándonos*, un dos primeiros manuais de introducción a Internet en galego e a *Guía de Recursos*, que inclúe unha serie de páxinas interesantes para os xoves) ou xogos en liña. Os organizadores, para esta nova edición esperan seguir “a ampliar horizontes” e actividades. A posibilidade de morrer de éxito cáelles lonxe: teñen ben clariño que Ciberlingua só pode seguir funcionando mentres non sexa un curso de informática máis, descontextualizado. Como calquera outra actividade, pública ou privada, seguirá viva se os “clientes” precisan dela.




CULTURA | OCIO | RUTAS | FIESTAS | GASTRONOMÍA | ALOJAMIENTOS



GALICIA



www.turgalicia.es



ENTRE

Antes de salir de viaje entre en la web de Turgalicia. Encontrará información sobre más de 15.000 recursos turísticos de Galicia, entre los que están todos los espacios naturales, 1.216 recursos de arquitectura religiosa, 1.104 de arquitectura civil y 114 de arquitectura popular. Además, una guía completa de establecimientos turísticos, alojamientos, restaurantes, con sus precios, y otros servicios como agencias de viajes y medios de transporte.

Recuerde: si va a salir de viaje, entre.

A necesidade dun sistema de almacenamento masivo de datos de baixo custo para pequenas e medianas empresas, así como para laboratorios de investigación, está moi presente no mercado tecnolóxico actual. O Centro de Supercomputación de Galicia e a Universidade de A Coruña traballan no proxecto CheapTB (Cheap TeraByte), co que se pretende deseñar un sistema deste tipo cun custo de fabricación e mantemento reducido fronte ós sistemas clásicos como, por exemplo, o almacenamento baseado en cintas.. O proxecto está sendo apoiado economicamente pola Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.



por REDACCIÓN

Tradicionalmente, o almacenamento masivo de datos vense facendo con dispositivos como os sistemas baseados en cintas. Na actualidade, e debido á demanda e á velocidade da evolución da tecnoloxía, é necesario buscar novas fórmulas que permitan almacenar grandes cantidades de información optimizando os custos dos sistemas clásicos de almacenamento. Nesta liña de traballo enmárcase o proxecto de investigación CheapTB, promovido polo Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), que durante o pasado ano xa ampliou o seu sistema de almacenamento de datos para usuarios ata os 54.500 Xigabytes. Esta ampliación combínase coa labor de investigación que está a levar a cabo o centro para xerar innovacións que redunden tamén na eficacia dos servizos que lles

presta a outros centros e empresas. De aí o proxecto de deseño dun sistema de almacenamento masivo de datos en rede de baixo custo. A iniciativa conta coa ampla experiencia aportada polo Laboratorio de Fundamentos da Computación e Intelixencia Artificial (LFCIA) da Universidade da Coruña e co respaldo do Programa de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

Solución de baixo custo

“No mercado existen moitas solucións para o almacenamento de grandes cantidades de datos. Normalmente este tipo de solucións están deseñadas como sistemas de propósito xeral (para almacenar

calquera tipo de información) o que fai que teñan un custo moi elevado. Sen embargo, moitas veces as necesidades existentes nas empresas e nos centros de investigación, podense abordar de un modo máis simple, o que, a un tempo, permite abaratar os custos e aumentar as prestacións dos sistemas”, asegura José Ignacio López, subdirector do Cesga. Os dispositivos utilizados para almacenar a información son discos magnéticos, cintas magnéticas ou unha combinación de ambos. Os sistemas baseados en cintas teñen o inconveniente do retraso na localización da información e nos sistemas de discos o custo de mantemento debido ó consumo eléctrico e disipación térmica.

A través do Cheap TB, o grupo de investigación está a desenvolver un sistema de almacenamento de datos masivo conectable á rede que, no seu prototipo, poderá acumular aproximadamente uns 6 Terabytes (TB) de información de ficheiros de gran tamaño (películas, datos, copias de seguridade...) accesibles dende calquer ordenador conectado a Internet. Ademais, o novo sistema reducirá o custo de mantemento empregando tecnoloxías de baixo custo e baseándose no sistema operativo Linux. A solución estará enfocada ó sector empresarial e de investigación e poderá crecer en capacidade facilmente. “Á relación entre cantidade de datos e custo económico deberíamos engadir un terceiro factor que entra en xogo: a velocidade de acceso. O tempo de latencia (tempo de espera) no CheapTB será moi curto, da orde de segundos, similar polo tanto ós tempos dun sistema xerárquico de almacenamento baseado en cintas. O software de control permite ofrecer ós clientes unha visión uniforme de múltiples volúmenes distribuídos en diversos nodos computacionais configurados a modo de clúster ou dispersos xeográficamente entre distintas localizacións. Este software toma decisións respecto ó apagado e encendido de compoñentes, reorganización de información para explotar patróns de acceso

Innovación tecnolóxica

A innovación deste proxecto atópase, por unha banda, na parte económica, non só no que se refire á compra do hardware (discos duros IDE en lugar de cintas), senon tamén na relación entre a cantidade de datos que se vai poder almacenar e o custo global das tecnoloxías empregadas. Pola outra banda, na utilización de software de desenvolvemento propio, ofrecendo unha solución moi competitiva fronte a outras solucións comerciais e cunha utilidade inmediata para os novos sistemas de e-business, así como para as PEMEs que precisen do almacenamento de ficheiros grandes de lectura secuencial, como distribuidoras de vídeo baixo demanda (radios, televisións, empresas de telecomación) ou produtoras cinematográficas, entre outras. Tamén poderá ser empregado en empresas que dispoñan de oficinas dispersas xeográficamente, consolidando a súa información e facendo que esta dispoñible en todo momento en calquera parte.

ós datos e a xestión de numerosas peticións concurrentes”, indica Victor Gulias, membro do LFCIA-UDC.

Os investigadores están a traballar nun prototipo de servidor con catro nodos de almacenamento, así como no software de control e nos frontais de acceso. Paralelamente pretenden definir as especificacións da plataforma de almacenamento en función dos requirimentos actuais das aplicacións científicas e industriais e despois adaptarán varias aplicacións para probalos sistemas nun contorno de traballo real, realizando probas de rendemento e comportamento. Na fase final do proxecto levarase a cabo un estudio comparativo de custe de funcionamento con outros sistemas de almacenamento comerciais.

O CESGA e a Universidade unen esforzos para deseñar un sistema de almacenamento máis barato e efectivo



La Logística en el Comercio Electrónico

por
David Lombardía
dls@correo.de
www.ElVilMetal.com

Uno de los principales problemas –sino el mayor– de las tiendas de comercio electrónico consiste en resolver adecuadamente el envío de los pedidos hacia los clientes.

Y no resulta un problema baladí. Los clientes, a menudo son exigentes e impacientes, de forma que no están dispuestos a esperar demasiados días en recibir lo que han comprado y pagado. Pasado un tiempo

prudencial de espera el cliente empieza a ponerse nervioso y si esto ocurre es muy probable que acuda a su entidad bancaria para anular la transacción cargada en su tarjeta de crédito (a lo que el banco tiene que acceder obligatoriamente según la ley, en cualquier momento y sin necesidad de alegar ningún motivo justificado).

Las consecuencias que provoca esto son evidentes: perderemos la venta realizada, tendremos que asumir de todas formas los costes de envío y su posterior devolución, y, además, le brindaremos una posible venta a

nuestra competencia.

Por otra parte, cuando formalizamos un pedido on-line, estamos haciendo una venta en firme por lo que tenemos que tener la absoluta certeza de que existe un stock suficiente para poder atenderlo, ya que de no ser así podríamos estar incurriendo en una estafa al vender algo que no poseemos (no basta con decir que podemos fabricarlo o pedirlo a nuestro proveedor una vez realizada la venta).

Por todo ello se hace imprescindible contar con un sistema de logística y distribución adecuado a nuestro tipo de comercio on-line.

Llegados a este punto, debemos realizar una matización importante.

Habitualmente se identifica la logística con el transporte, pero esto no es exactamente así, sólo es una generalización. La logística es un concepto más amplio que el de mero transporte físico del pedido y normalmente ofrece otros servicios como, por ejemplo, el almacenamiento de la mercancía (por un coste mucho más bajo que el que supondría tener nuestros propios almacenes y gestionando y preparando los pedidos de una forma quizá más eficaz), el control de los stocks on-line (muchas empresas disponen de un sistema automatizado de gestión de stocks on-line que, conectados a un sitio web, pueden ayudar a cerrar pedidos en función del stock existente), o el cálculo on-line de los gastos de transporte (un cálculo más preciso mediante las tablas propias y los programas de cálculo que poseen), entre otros.

Sabido esto, la primera gran decisión es si vamos a tener nuestros propios almacenes (gestionando y preparando nosotros los pedidos) o subcontrataremos un servicio

externo.

Todo dependerá de nuestro tipo de empresa. Si hemos creado nuestra empresa única y exclusivamente para operar por Internet, con lo que no tenemos almacenes, ni personal especializado en manipular la mercancía, ni experiencia logística parece evidente que la solución más lógica será subcontratar el servicio con una empresa especializada, externa.

Si, por el contrario, lo que estamos haciendo es trasladar una actividad preexistente a la red, y tenemos almacenes propios y personal experto, ya no está tan claro cuál sería la mejor decisión.

Otro factor a tener en cuenta es si el software de e-commerce que vamos a utilizar incluye la gestión de los stocks on-line, ya que de no hacerlo no tendremos más remedio que apoyarnos en una empresa de logística que ofrezca este servicio.

A continuación surge otro problema al que hay que dar respuesta: ¿cómo plantear la información logística en la web?

Una vez más, la solución adoptada guardará relación con la actividad de la empresa, sus características y las de su negocio, e incluso el software empleado en la aplicación de e-commerce, pero hay al menos dos puntos que conviene observar:

-Indicar el plazo previsto –real– para la entrega, independientemente de que sea demasiado largo, pues siempre será preferible no realizar una venta que asumir una devolución.

-Incluir el coste del transporte en el montante del pedido. Nadie desea pagar cantidades adicionales a la recepción del pedido realizado.

ACTUALIDAD

Google ya está en España

Era cuestión de tiempo que Google aterrizara en España, y ha llegado el momento. Tan sólo unos días después de la reserva del dominio google.es a través de una firma de abogados especializada, Google España ha abierto sus oficinas en Madrid desde donde realizará básicamente labores comerciales (el desarrollo lo tiene centralizado en su país natal). A través de google.es se ofrecen los habituales servicios de búsqueda de Google pudiendo restringir entre páginas españolas o con contenido en castellano, así como usar el portal en gallego, catalán o vasco, y actualmente se trabaja en la adaptación de otros de los servicios

que el buscador presta en inglés a nuestro mercado, como el de búsqueda de noticias. Google –no exento de críticas por algunos expertos– ha obtenido un gran éxito gracias a su potente motor de búsqueda que usan a diario millones de personas en todo el mundo y a una estrategia comercial que integra la publicidad en los resultados de la búsqueda según las palabras que defina el anunciante y con esta apertura pretende impulsar su negocio en España y seguir repitiendo éxitos.



LIBROS:

Dirigir, Rendir, Vivir

Son muchos los puestos que exigen dirigir, y casi todos requieren rendir pero además es necesario vivir como persona. Algo así viene a ser la base de esta obra dirigida a aquellos que quieren revisar y mejorar su forma de dirigir y vivir, en la que Fredmund Malik intente demostrar cómo se puede llevar a cabo un management eficaz que haga compatible vida personal y profesional.

El libro ha sido un auténtico Best Seller empresarial en Alemania y nos llega ahora la edición en castellano que realiza Deusto, donde Malik expone a lo largo de 27 capítulos la necesidad de que empresarios, directivos y líderes en general de cualquier tipo de organización, e incluso funcionarios y profesionales autónomos cuenten con herramientas prácticas para el management de su vida personal y profesional, pasando por alto los conceptos teóricos y centrándose en dichas herramientas que dan lugar a una obra de lectura agradable y que, al contrario que otras, no pretende encontrar el directivo ideal sino ayudar a mejorar la forma en que cada uno dirige, rinde y vive.



Título
Dirigir, Rendir, Vivir

Autor
Malik, Fredmund

Editorial
Deusto

Páginas
360

Precio
24 €

Nota
8/10

ISBN
84-234-2009-4

nov@economía@



por **Pilar Otero Polo**
Responsable de Banca Electrónica
Caixa Galicia

Situación de Galicia

Si hablamos de Galicia, el crecimiento en el sector de las Nuevas Tecnologías es todavía lento; aunque, si bien la situación gallega respecto a las TIC requiere todavía un importante esfuerzo, puede concluirse que Galicia se encuentra también entre las comunidades autónomas que presentan un buen nivel en la aplicación de las TIC en el entorno empresarial.

Algunos datos que reflejan la situación en la introducción de las TIC en las empresas gallegas son los siguientes:

-El PC está presente en el 95% de las 10.000 mayores empresas

-Un 45% de las empresas cuentan con un ordenador central que actúa como servidor

-Internet supone un 44% del tráfico de telefonía fija total y más de la mitad del tráfico de Internet se canaliza por tarifa plana.

Por otro lado, en lo que se refiere a la situación de las TIC a nivel personal, un dato significativo es que en Galicia el 12,3% de los hogares dispone de acceso a Internet, situándola todavía a una distancia considerable del nivel de introducción de Internet en otras Comunidades como son Madrid (25,91%), Cataluña (23,74%) o el País Vasco (21,87%) - según datos de la Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones -.

en Galicia el 12,3% de los hogares dispone de acceso a Internet, situándola todavía a una distancia considerable del nivel de introducción en otras Comunidades

En general se puede concluir que la percepción en Galicia del impacto que las TIC puedan tener en la competitividad de las empresas es media-alta, siendo la gestión de recursos uno de los mayores beneficios que obtienen de su aplicación. La gestión financiera de las empresas es el área más influenciada por las TIC en la PYME, al igual que se beneficia la toma de decisiones por la capacidad que ofrecen de información de gestión.

No obstante, no se está aprovechando en su totalidad el potencial que supone la aplicación de las TIC con las que cuentan las empresas. La diferencia que existe entre las Tecnologías existentes y la aplicación de las mismas, depende en gran medida de la formación que reciba el personal de las empresas y en especial sus directivos que serán los encargados de liderar este cambio.

Caixa Galicia implicada en las nuevas tecnologías

Caixa Galicia es un ejemplo palpable de Entidad implicada en las Nuevas Tecnologías, dedicando equipos específicos y recursos crecientes para poner en marcha y ofrecer a nuestros clientes soluciones vinculadas a las Nuevas Tecnologías.

Podemos comprobarlo en la web de empresas de la Caja, cuya dirección es: www.empresas.caixagalicia.es; donde encontramos secciones con información de productos financieros (posibilidades de financiación como línea de descuento, gestión de cobro, leasing, etc.) o aplicaciones que elaboran remesas de órdenes de pago, de nóminas, de recibos...

aporta funciones de valor añadido para esa gestión diaria de las empresas, tales como servicios para tramitación de Subvenciones y Ayudas o Con cursos Públicos

Cualquiera de estas secciones o aplicaciones son herramientas con las que una empresa puede disminuir las horas que dedicaba a la gestión de facturas o a las estadísticas de cobros, control de impagados... lo que redundará, sin duda, en un ahorro de costes considerable.

Pero además de lo que son servicios típicos de Banca Electrónica, que acabamos de comentar, Caixa Galicia aporta funciones de valor añadido para esa gestión diaria de las empresas, algunos ejemplos pueden ser los Servicios que tramitan las Subvenciones y Ayudas a las que puede acceder la empresa o los Concursos Públicos vigentes a los que se puede presentar una empresa, o bien la página dedicada a solicitar informes comerciales de cualquier empresa, con el fin de que el cliente-empresarial pueda obtener datos para empezar a negociar.

Como mejorar la gestión de la empresa con las Nuevas Tecnologías

Oportunidad que ofrecen las nuevas tecnologías

Seguramente todos uds. han asistido a esa etapa en la que Internet abría sus puertas y se mostraba como una oportunidad de negocio para las empresas. Aparentemente, estas expectativas se han visto frustradas, o no.

¿Por qué dudamos de algo que se revela tan evidente? Porque, quizás en contra de la opinión mayoritaria, creemos que Internet es, en efecto, una oportunidad para las empresas. Es una Gran Oportunidad para mejorar la Gestión de cualquier empresa. Y en definitiva, mejorando la gestión, estaremos mejorando el negocio.

Es más, estamos convencidos, que la empresa que no aproveche esta oportunidad, va a tener que abordarla cuando ya sea una obligación, es decir, cuando ya la mayoría de sus competidores utilicen las Nuevas Tecnologías para conseguir considerables beneficios de cara a su organización interna y al Mercado.

Pescastocks, as lonxas do futuro xa están aquí

¿Quen dixo que Galicia non se arriscaba coas novas tecnoloxías? Esta máxima de tradicionalismo pendente de deixar entrar á innovación estase a romper de cheo nos últimos tempos, así o revelan empresas do sector pesqueiro con iniciativas como a da creación dunha lonxa electrónica. Pesca Verticalia, co apoio económico da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, súmase a outras iniciativas que se viñan poñendo en funcionamento dende o ano 99 pola Consellería de Pesca, e que como informabamos esta primavera materializábanse xa en 28 lonxas cun sistema automatizado de subastas que de contado chegarían a ser 33



por REDACCIÓN

Os retos tecnolóxicos non parecen presentarse como prato a degustar pola meirande parte das pequenas e medianas empresas galegas, de feito, existe a convicción maioritaria de que supón un gasto máis ca un investimento; pero as tornas están a cambiarse no noso eido empresarial, e segundo informa o Observatorio de Tecnoloxías de Información e da Comunicación sobre a utilización das novas tecnoloxías (TIC) en Galicia, un 84% xa dispón de acceso a Internet e un tercio contarían con páxina web de seu, pero, pola contra, amosaríase unha desconfianza xeralizada cara calquera tipo de transaccións vía electrónica. Neste eido é onde se presenta como rupturista e punteiro o proxecto da lonxa electrónica. O portal, chamado Pescastocks (www.pescastocks.com) está na Rede dende comezos do 2003 recibindo un alto número de visitas, segundo informa un dos responsables, Alejandro Estévez. Á súa vez o proxecto atópase en fase de comercialización con uns resultados optimistas: 150 empresas dispoñían xa do seu espazo na web e o número de achegas ascendería ás 75.000 mensuais.

se presenta como rupturista e punteiro o proxecto da lonxa electrónica. O portal, chamado Pescastocks (www.pescastocks.com) está na Rede dende comezos do 2003

A xénese de Pescastocks.com está no portal Pesca2.com, iniciado por Pesca Verticalia no marzal do 2000. A posta en contacto directa

coas empresas do sector xerou un coñecemento profundo das firmas e profesionais do mar e a partires de aí, Pesca2.com propúxose adapta-las novas tecnoloxías ó sector da pesca de forma eficaz. Esta sólida relación entre portal e empresas, convertíu a Pesca2.com na consultora preferente para cuestións relacionadas con Internet e a informática. O que agora é a lonxa virtual xermolou dunha sección cativa dentro do portal denominada Tablón de Anuncios. “Sorpudentemente esta sección foi todo un éxito en número de participantes que expoñían os seus produtos e servizos e tamén en número de visitas”-expón o director técnico do proxecto- “Pouco a pouco o sector foinos pedindo unha sección dunha forma máis ampla e profesional. Comezamos facendo pequenas modificacións sobre a plataforma desenvolvida inicialmente pero en breve démonos conta de que era mellor crear unha nova plataforma específica denominada Lonxa Virtual”.

O que agora é a lonxa virtual xermolou dunha sección cativa dentro do portal denominada Tablón de Anuncios. “Sorpudentemente esta sección foi todo un éxito en número de participantes que expoñían os seus produtos e servizos e tamén en número de visitas”

Segundo os creadores da Lonxa Virtual, Pescastocks.com permitiríalle á pequena e mediana empresa pesqueira e á súa industria auxiliar, realiza-las compras e vendas a través da Rede, así como acceder a un volume importante de información sobre o sector en

| Fecha | Producto | Empresa | Cantidad | Precio unidad |
|---------------------|---|--|----------|----------------|
| 2003-04-14 03:06:59 | SE VERDE BARCO | SUMINISTROS NAVALES INDUSTRIALES JUAN RAMON MAZA DALACOS | 5 | |
| 2003-04-13 20:38:40 | Filete de Rape | shan hai seafood | 90 Ton. | 2400,0 Dólares |
| 2003-04-13 10:56:23 | FISHLOCK de FILETE de MERLUZA Hubbsi - FISHLOCK | MIGUEL ESQUIVIAS | | |
| 2003-04-12 10:55:08 | POTA - SINHT SQUID (Deshilive Gigas) - POTA | MIGUEL ESQUIVIAS | | |
| 2003-04-12 10:50:04 | CALAMAR SAH - LOLIGO SAH - CALAMAR | MIGUEL ESQUIVIAS | | |
| 2003-04-12 10:51:41 | CALAMAR ELLEX ARGENTINUS (ENTERO, VASIAS) - POTA ELLE | MIGUEL ESQUIVIAS | | |

temas de lexislación, normativa comunitaria, novas, emprego, formación, etc. Ademais o portal ofrece un pequeno espazo a cada firma para que poida dispor dunha páxina web propia onde ofertalos seus produtos e aportar datos informativos sobre a empresa cun sinxelo proceso de recheo dun formulario establecendo o prezo da venda. A proposta é enviada ben a unha empresa concreta ben a un grupo e unha vez recibidas, o vendedor selecciona a que máis lle interese.

“polo momento é a única plataforma deste tipo en España e podería dar lugar a un novo proxecto de maior envergadura como é a realización dun programa similar no que se integren outros”

Canto a difusión, o portal preséntase tamén en castelán e inglés facilitando a chegada de clientes de tódalas partes do mundo, predominando eso sí, as empresas españolas. Neste senso, favorécese unha ampla difusión dos seus contidos e a apertura a novos mercados das empresas

que nelas se integren, dándose a coñecer ante novos compradores e provedores nacionais e internacionais. Segundo Alejandro Estévez, responsable técnico do proxecto, polo momento é a única plataforma deste tipo existente en España e podería dar lugar a un novo proxecto de maior envergadura como é a realización dun programa similar no que se integren outros países europeos. Pois...¡adiante!, nesta revista estaremos preparados para facernos eco da nova. ¿Quen dixo que Galicia...?

PRÁCTICAS EN EMPRESAS

12 ALUMNOS POR AULA

BOLSA DE TRABAJO

FORMACIÓN PROFESIONAL

DESARROLLO DE APLICACIONES
INFORMÁTICAS
TELECOMUNICACIONES
GESTIÓN COMERCIAL Y MARKETING
COMERCIO INTERNACIONAL
ADMINISTRACIÓN Y FINANZAS



Colegio Junior's. Roxos-Silvouta. Santiago de Compostela.
15896. Teléfono: 981537306. Fax: 981537585.

<http://www.colegiojuniors.com>. E-mail: secretaria@colegiojuniors.com

Como construír unha tenda virtual. A creación da páxina web (Paso 2)

Nos números anteriores de Código Cero definíamos os primeiros pasos de cara á creación dunha tenda virtual. Agora que xa contamos cos ordenadores, coa conexión a Internet e co dominio para a nosa web, chegou o momento de poñernos mans á obra para construír o que será a fachada da nosa empresa na Rede. Neste segundo paso tratamos a planificación previa, os custos e os provedores necesarios para poñer a andar a web da nosa empresa.

Chegou o momento de construír o que será a imaxe da nosa empresa na Rede: a páxina web. Trátase dun momento crítico no que as decisións condicionarán os seguintes pasos, polo que cómpre actuar segundo unha planificación previa. Neste sentido, existen varias cuestións que deben ter resposta para construír a nosa web:

👉 ¿A quen vai dirixida a páxina?

Crear a nosa web supón que a empresa continúe traballando coma sempre, pero empregando unha nova canle de negocio. O perfil do público final debe influír no deseño e nos contidos da páxina web. Por exemplo, non é o mesmo crear a páxina dunha tenda de surf, que ten usuarios máis novos e (a priori) expertos, que a web dunha tenda de sanitarios, que ten clientes cunha media de idade máis alta. Como nota común, cabe salientarse que o esforzo en deseño e navegabilidade (característica que define a unha web con fácil acceso ós contidos) sempre revertirá en máis visitas, interacción do usuario, mellora da imaxe e, polo tanto, negocio.

👉 ¿Para qué se vai empregar a web?

Ter unha web supón ir engadindo servizos e contidos a modio e por etapas, tanto dende o punto de vista de empresa como do usuario. Non hai que atordar ós usuarios con moitas posibilidades. Primeiro, pódese ofrecer un catálogo de produtos (con información sobre características técnicas, referencias...) cun enderezo, teléfono e e-mail de contacto. Posteriormente, pódese desenvolver a posibilidade de pechar a transacción on line, incluíndo a función do carrito da compra e a pasarela de pagos. No caso de publicar o catálogo de produtos da empresa, débese prever a posibilidade de ter un servizo de loxística e de atención ó cliente eficaces.

👉 ¿Qué proveedor pode construír unha web?

Existen diversas opcións. A máis barata é botar man de recursos propios. Sempre se coñece a alguén que sabe facer unha páxina web (un coñecido, un informático da empresa...), pero esta opción deberase considerar debidamente. Por exemplo, ¿queremos que a imaxe da nosa empresa dependa da creatividade do noso informático? A construción dunha web debe correr a cargo de profesionais con experiencia en deseño e programación. Por iso, é importante escoller a empresa provedora do desenvolvemento da web. En Galicia, fundamentalmente existen varios tipos de provedores: os “free lance” (ou autónomos), as axencias de publicidade, as empresas de multimedia e as grandes consultoras.

👉 **Gastos**

Para publicar en Internet unha web, teremos que contar cunha serie de gastos:

- O dominio
- O desenvolvemento da web (deseño e programación)
- O hosting ou aloxamento da web

O gasto no dominio pode variar entre os 15 e os 30 euros ó ano, mentres que o hosting pode custar entre os 100 e os 360 € anuais.



-Prezos da web

No tocante ó desenvolvemento da páxina web, dependendo do provedor, da complexidade do proxecto e do tempo de traballo necesario, os prezos poden variar substancialmente. O gasto máis grande adoita ir para o desenvolvemento da web. Aquí non existe un presuposto estándar, xa que os custos varían moito dependendo do prestixio do provedor, do deseño e do tempo de traballo. Na medida en que o proxecto estea máis definido para o provedor, o presuposto será máis baixo. De tódolos xeitos, en Galicia, como cifra orientativa, pódese obter unha web cun bo deseño e funcionalidades engadidas entre os 1.800 e os 3.000 euros, incluíndo catálogos on line. Unha web coidada que inclúa comercio electrónico pode custar preto dos 9.000 euros.

DOCUMENTACIÓN

No proceso de desenvolvemento da web, cómpre ter presente que a empresa provedora que se responsabilizará de crear a páxina web terá que enchela con contidos. Por iso, o cliente debe facilitarlle toda aquela documentación e a información que considere para publicar na páxina web. Contacto (teléfono e e-mail), enderezo, servizos, catálogo de produtos, etc. son algunhas das informacións básicas que non poden faltar. Pero, ademais, hai que comunicar ó provedor os servizos, as seccións e as utilidades que queremos ofrecer en Internet.

MANTEMENTO

É bastante estendida a crenza de que, unha vez publicada a web, rematou o traballo e só queda esperar a que cheguen os resultados. Nada máis lonxe da realidade, xa que é precisamente neste momento cando comeza de verdade o traballo para a empresa. Meter novos contidos, actualizar os publicados, promocionar a web e responder ás consultas que cheguen a través dela son só algunhas das tarefas coas que contaremos para “manter viva” unha web.





Iniciativas galegas en internet

Deportienda.com chega ós seguidores de todo o mundo

Atopar en Suiza, Alemania, Arxentina, Venezuela ou Xapón un seguidor do Deportivo cunha camiseta do equipo é posible gracias a **Deportienda.com**, a tenda oficial do clube en Internet. Deportienda.com naceu en maio de 2000 a partir dun convenio de colaboración tecnolóxica firmado entre o clube do Deportivo e Caixa Galicia. Coa inauguración da súa tenda virtual, o Deportivo convertíuse no primeiro clube español de fútbol que conta cunha tenda na Rede



independente da súa propia páxina e orientada claramente ó negocio da venda dos seus produtos oficiais.

A Deportienda foi desenvolvida tecnicamente por IRIS, unha empresa de novas tecnoloxías pertencente ó clube, da que boa parte dos seus profesionais se formaron no laboratorio LFCIA da Universidade da Coruña. Nesta web, ademais da vestimenta oficial do equipo, da marca Joma, poden mercarse os produtos (pantalóns, camisetas, bolsos, etc) da colección exclusiva de sport da marca RCD,

empresa de moda deportiva tamén pertencente ó clube herculino. Un ano despois da inauguración da web, o clube abriu en A Coruña, en agosto de 2001, a Deportienda física. As novas formas de negocio que posibilitan as novas tecnoloxías foron neste caso por diante das formas tradicionais. A aposta do clube saíu ben, xa que hoxe www.deportienda.com obtén beneficios da venda dos seus produtos ós milleiros de seguidores do equipo espallados polo mundo e que mira con optimismo o futuro do seu negocio na Rede.

Motovespa.com: recambios de Vespas na Rede

Motovespa é unha empresa sita en Vigo que distribúe recambios e accesorios da gama Vespa/Piaggio. Desde hai máis de dous anos conta cunha páxina en Internet a través da cal vende os seus produtos, e cunha persoa dedicada a tempo completo a ela.

Esta web naceu como unha proba de mercado a partir dun certo coñecemento previo de Internet que tiñan os seus responsables. O proxecto non supuña un gran investimento e confiouse na súa rendabilidade. Actualmente, a páxina permite ó usuario localizar pezas, accesorios e compoñentes de modelos antigos e descatalogados. Este valor engadido tivo como consecuencia algo que sorprendeu ós propios responsables da páxina: a apertura do seu mercado de clientes. Os lugares dende os que máis pedidos se reciben son o sur de España e Cataluña, pero tamén teñen feito vendas transoceánicas a Arxentina e Venezuela. www.motovespa.com



Gaitas para Alaska dende Arco Iris Musical

Os responsables da tenda Arco Iris Musical, sita en Lugo, investiron 50.000 pesetas na creación da súa web. Disto hai máis de sete anos. Hoxe, o mantemento da páxina custa arredor duns 30 euros ó mes. Arcoirismusic.com recibe dous ou tres pedidos tódolos días, que chegan dende Galicia e doutros lugares do estado, pero tamén de Francia, Chile, Arxentina... ¡ata de Alaska!. A virtude da páxina está na especialización dos seus produtos, que fai dela unha tenda case única no mundo, coñecida por moitos membros da "familia" do folk.

Arco Iris Musical ten un historial de máis de 60 anos. Naceu como un bazar familiar, pero dende hai 15 anos dedicouse á venda exclusiva de produtos musicais. Hai sete anos, os responsables da tenda pensaron que especializándose en instrumentos tradicionais galegos, a Rede sería un bo escaparate. www.arcoirismusic.com non dispón de "pasarela de pagos", o paso na construción dunha tenda virtual que posibilita pechar as transaccións pola Rede. Os responsables da web, debido ó carácter artesán dos seus produtos, decidiron non introducir esta posibilidade. O medio de negocio é o correo electrónico. Os clientes pónense en contacto coa tenda e fan a súa solicitude. Logo mándanse os pedidos cobrando dun xeito similar ó da televenda. Así, aínda que tecnicamente non podemos falar de comercio electrónico, si estamos ante un negocio que emprega a Rede para vender. A web está a dar un bo rendemento económico, pero tamén está levando a imaxe da tenda e da música tradicional galega por todo o mundo. Como anécdota, os responsables da empresa comentan que hai dous veráns chegou a Lugo un profesor universitario xaponés. Viña de viaxe a Salamanca cos seus alumnos. Un bo día, o profesor decidiu deixar sós os seus alumnos por algunhas horas. O home achegouse a Lugo para ver a tenda física de instrumentos tradicionais galegos, da que xa coñecía a súa versión electrónica. E mercou unha gaita.

www.arcoirismusic.com

Lavelis vende cruceiros e fontes de pedra na Rede

A PEME galega ofrece cada vez máis exemplos de negocios orientados ó mercado da Rede. É o caso de Lavelis.com, nacida en setembro do 2002 con dous socios e un desembolso inicial de 3.000 euros. Lavelis vende produtos de decoración e agasallos a través do catálogo da web, e ofrece a posibilidade de persoalízalos. Segundo conta o xerente da empresa, Tomás Outón, venden "pezas que o usuario non pode mercar nunha tenda habitual, pois moitos usan a Rede para comparar os prezos cos das tendas físicas, que é onde finalmente acaban mercando". En Lavelis hai tapices, produtos de cobre, artigos de artesanía e alambiques. Este é un dos produtos máis solicitados, porque é "moi raro de atopar". Tamén os produtos de pedra, como os cruceiros ou as fontes, son moi demandados. O soporte técnico de Lavelis faino Alsernet, a súa pasarela de pagos é Caixa Galicia e a loxística lévaa MRV. Como PEME, o obxectivo é lograr a rendibilidade da web en si mesma e consolidarse na Rede a través dos contratos en exclusiva con fabricantes, artesáns e distribuidores dos produtos, consolidándose como marca propia. Actualmente, os pedidos chegan de toda España, aínda que tamén venderon en Suíza e hai clientes interesados dende Arxentina, Perú e México. www.lavelis.com



A extranet potencia as vendas de peixe de Manuel Hortas

A empresa Manuel Hortas Canosa naceu hai máis de 25 anos como un proxecto especializado na exportación de peixes e mariscos. A súa labor centrábase na compra de toda clase de especies nas lonxas galegas, sobre todo marisco. Máis tarde entrou no mercado europeo, realizando importacións directas vía aérea de cigala. Por esa época, a compañía puxo en funcionamento un viveiro de marisco, que abastecía ás principais lonxas galegas. Coa redución de capturas, a empresa buscou alternativas, ata que a finais dos 80 chegou a acordos con compañías e armadores para a introducción de conxelados. A intranet de Manuel Hortas foi creada no 1995 e o sistema de vendas ós seus clients (extranet), no 1996. En 1999, segundo fontes da empresa, facturou 3,6 millóns de euros en vendas a través da Rede.

O Grupo Manuel Hortas, na procura de aplicacións intuitivas e útiles, apostou pola persoalización da tenda virtual para cada cliente. Os pedidos a esta empresa pódense realizar en www.manuelhortas.com ou dende un teléfono móbil con tecnoloxía WAP a través de este mesmo enderezo. Con esta iniciativa, cliente ve reducido o tempo de resposta unha vez encargado o pedido. Dende o momento no que merca, pode consultar o estado do seu pedido a través de Internet. En canto o recibe, pode ver a súa factura, descargala e imprimila. www.manuelhortas.com

Que vén o COCO



por
Manuel Gago
magago@usc.es

A industria norteamericana da música pretende empapelar nos xulgados a centos de miles de usuarios acusados de intercambiar ficheiros musicais. Grupos nas beiras do antisistema coma os heavies Metallica manifestáronse a favor da chamada “música legal”. Na web promocional do último disco do cantante Alejandro Sanz, en paramos máis próximos, o cantante agradece en video, antes que nada, que compres “música legal”. As industrias discográficas din que non van parar, igual que xa fixeron con Napster e similares. Guau, que forte. Unha megademanda mundial contra os seus principais clientes, os consumidores finais. O MP3 como buque pirata e as redes P2P –Kazaa, Nutella, Napster- coma un turbulento Mar Caribe onde, por primeira vez, os corsarios máis famosos son peninsulares.

¿Pensarán as multinacionais do entretemento que gracias a ese tipo de accións legais van conseguir rematar coa piratería? As relacións dentro de Internet continúan a ser bastante etéreas e penetrar -xudicialmente falando- no disco duro e nos arquivos de actividade das operadoras de telecomunicacións para demostrar o copieteo segue a ser xuridicamente bastante complicado. Será porque vou sendo can vello que a min dame por pensar que o que pretenden as discográficas é asustar. Ao que eu sei de dereito -que é ben pouco- poucos avogados queren chegar a xuízo en casos nos que se mesturan tecnoloxía, diferentes servizos, diferentes prestadores de servizos -coma as operadoras- e o dereito á privacidade dos encausados.

Asustar. É un dos principios non escritos do dereito, que de seu adoita ser bastante intimidatorio para o común dos mortais. Os que nos adicamos ao xornalismo coñecemos o habitual das ameazas de xulgado por parte de fontes que non saen ben paradas nos nosos textos. Son, na maior parte das veces, bravatas que teñen por fin asustar e disuadir de continuar nun determinado camiño de investigación molesto para a fonte. Se fas ben o teu traballo polo xeral non tes nada que temer. O que están a facer as grandes discográficas é asustar. Xusto o que non se debe facer se, como é o caso, ao mesmo tempo estás promovendo unha alternativa: os sitios de pago de descarga de música. O lanzamento da tenda iTunes, onde Apple pon á venda máis dun millón de temas musicais ao módico prezo dun dolar cada un, sen máis complicacións, demostra que é posible unha alternativa legal. Fronte a ese fantástico exemplo, o que escoitemos das discográficas sobre as tremendas perdas que sofren é unha tomadura de pelo. Que busquen o problema en Operación Triunfo, ou nos categóricos 18 € que vale o último de Linkin Park.

Eu, sen embargo, atopo esa complicación, e tódolos peros do mundo, no que se agacha detrás de pretender cobrar polo mínimo acorde, a mínima palabra cantada. É a convicción segura de que o pensamento e a arte -calquer tipo de pensamento e arte- polo feito mesmo de selo ten que ser pagado e cobrado e está no mercado. Que as ideas e todo o que ten de creativo o ser humano pode ser monetarizado e que o intercambio, a conversa e as ideas deben estar sometidas ás normas da Organización Mundial do Comercio coma se foran plátanos. Acabarei cobrándolles dereitos aos executivos das casas de discos por citarme na demanda que me van meter despois de ler este artigo. :-)



por
Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

Audiofilia



Moito se ten falado estes días, por mor do acordo entre a SGAE e os fabricantes de soportes gravables, do futuro da música, dos artistas e de cómo o mercado ía a reaccionar ante este novo “imposto”.

Noutros artigos teño xa exposta a miña opinión sobre este asunto, pero resumirei dicindo que, como mínimo, o usuario aparece como “culpable” de un delito (o do pirateo) sen que ninguén teña a obriga de demostrar que o é. E que, en realidade, o que demostran acordos e sentencias como as que estamos a ver neste tema, é a admisión da impotencia para resolver un delito. Xa que non podemos impedir o pirateo de algúns (a maioría, pero non a totalidade), que paguen polo delito inocentes e culpables.

Pero sendo este un tema moi apetecible para facer máis dunha reflexión, hoxe vou tirar por outro lado.

Entre outras das miñas afeccións, está o mundo do audio, ou audiofilia, (ou “aparatofilia”, que tamén pode ser). É dicir, gústame escoitar música nas mellores condicións de reprodución; o máis achegado posible á sesión de gravación orixinal. Para elo, os afeccionados a esta tolemia, dando por certo que haxa calidade artística, preocupámonos non só dos aparatos, senón das gravacións, das condicións acústicas e de escoita, etc. Outro día falarei máis de este tema, pero o caso é que entre a comunidade audiófila corren malos ventos e certo temor o futuro.

A fidelidade da reprodución das obras musicais depende de moitísimos factores, algúns técnicos e outros “humanos”; se a esto sumamos o gusto persoal, tanto dos que fan a gravación, como o dos que a escoitan, vemos que a satisfacción ante a escoita dunha obra musical pode ser moi variable,

aínda contando co mellor equipo de reprodución posible. Pero na busca desa perfección hai que contar coa imposibilidade de atopala se non se dan unha serie de presupostos, o principal é que na cadea que se inicia na interpretación do artista, e remata na orella do oínte, non se altere, ou se faga o menos posible, a fidelidade ó mensaxe orixinal. E é aquí onde ós audiófilos poñémonos a tremer cando escoitamos os “gurús” comunicadores da industria discográfica, e demais futurólogos do mundo tecnolóxico, cando din que o futuro da música está en Internet: descarga de música á carta, previo pago, claro. Rematáronse os discos, rematouse o soporte físico susceptible de ser copiado, rematouse conceder ó usuario unha “copia” do “máster” orixinal. Pero para facer isto hai que empregar a “compresión de datos”, sexa mp3, sexa ATRAC, sexa calquera outro formato que se adopte.

Ben sei que para escoitar música


por auriculares, no coche, ou nun equipo máis ou menos doméstico, o mp3 abonda en canto a calidade, se está correctamente codificado. Pero para os audiófilos, apaixonados defensores da “no intervención”, escoitar música nos seus super-equipos pasada pola apisoadora dixital da compresión, é unha arrepianante posibilidade. E temo moito que eso é o que nos queda.

Porque a maioría dos usuarios dan por suposta a “calidade técnica” das gravacións que compran, e non lles preocupa, e en moitos casos non apreciarían, as deficiencias que teñan. O que neste momento cómpre e convencer ó mercado que o futuro está en Internet e nos discos de música en “multicanle” (DVDs, SACD ou DVD-Audio) que te colocan como oínte no medio da banda, escoitando a guitarra por detrás, o piano por diante e o cantante ó lado, cousa espectacular pero pouco realista. O que preocupa ós directivos de tódalas empresas

implicadas neste negocio é que o comprador vaia asumindo o cambio, que estea disposto a pagar por outros servizos, outras posibilidades, outros formatos. Eso sí, o último argumento de venta é o da calidade.

Non estou en contra nin da distribución de música por Internet, nin do mp3, pero reclamo as discográficas o máximo respecto á mensaxe: a música. O ideal sería sentir na casa as mesmas sensacións que sentimos nunha interpretación en directo. Probablemente é unha aspiración imposible de realizar, pero está claro que cada vez témolo máis difícil. Xa contamos cos discos gravados para escoitar no radiocasete que da noxo oír nun equipo de máis calidade, cos multicanle que non podemos escoitar como sempre: co artista diante, e agora sumaremos o mp3 codificado; penoso de oír, pero que podemos baixar da Rede nun plis-plas.

Mellor será que nos vaiamos facendo cunha discografía ben ampla porque ou pola codificación, ou pola abundancia de “trifitos” que maten calquera outro tipo de música, espéranos un futuro un tanto complicado.





Novo hardware para o recién estreado curso



por
Mariano Grueiro
grueiro@enderezo.com
www.grueiro.com



É o que trae o outono, así que adicaremos algo de tempo a ve-las novidades en hardware.

Era visto que Apple tiña que renovar xa a súa gama de sobremesa e aproveitarse do novo chip G5 que tiña xa listo IBM. Así que sacou o powermac G5, o seu lanzamento nos Estados Unidos tivo lugar xa no verán, pero a España chegou inda por setembro.

Grande. Metálico. Iso é o que sintes a primeira vez que o ves. É contundente, e ó velo deume un aquel coas liñas de deseño industrial comezadas a marcar co powerbook titanium. Remataron as liñas curvas e o plástico, todo é rectitude e purismo metálico. Pero iso non o fai parecer un pc. Ten como herdanza do G4 as asas e os apoios, para a súa mellor mobilidade. Cando nos achegamos, vemos un gran enreixado, tanto na parte dianteira como traseira. Todo é pureza de liñas. Pero xa que isto é tan racional, haberá que falar un pouco do que garda dentro.

Para acceder no (¿antigo?) G4, tiñamos un lateral cunha especie de bisagra. Agora quitáremos directamente toda a tapa. Cando miramos dentro, témo-la claridade á que nos ten acostumados Apple. Todo no seu sitio, pero como novidade, todo dividido en zonas, para unha refrixeración independente. Presenta catro zonas diferenciadas e un total de nove ventiladores. Sete deles, son ventiladores de baixa velocidade para reducir o ruído ambiental e están controlados directamente polo MacOS X en función dos parámetros que obtén

dos sensores de temperatura.

Ben, pero ¿E o procesador G5 en sí mesmo? Pois que dicir, que é o primeiro ordenador persoal do mundo en utilizares un procesador de 64 bits. Polo de agora, é un procesador que chega os 2 ghz (para os recién chegados os mac: falo de frecuencia de reloxo, non de rendimento), e o límite de memoria atópase nos 8 Gb (os pc's so chegan a 4 Gb de memoria). En canto a velocidade de bus frontal: 1 ghz. A velocidade do bus da memoria, 400 mhz. Todo vai enfocado non só a utilizares un procesador máis potente (Apple afirma que, utilizando probas independentes, o G5 resulta ser o ordenador persoal máis rápido do mundo), senón un ordenador que en conxunto ofrezca un rendimento superior.

Ampliación: ten tres ranuras pci-x, (unha de 133mhz e dúas de 100 mhz), un porto firewire de 400 Mbps (un porto na parte dianteira e outro detrás), e outro de 800 Mbps, usb 2.0 (un porto diante e dous detrás). A ethernet, por suposto é gigabit (10/100/1000 BASE-T), rede inarámica (estándar 802.11 g, a 54 mbps, compatible coa 802.11b de 11 mpbs), bluetooth (opcional), e tamén ten conectores de entrada e saída óptica S/PDIF, así como uns curiosos conectores de antena, un para o Airport e outro para o bluetooth.

Non engadirei moito máis, de todos é coñecido a potencia do sistema operativo Mac OS X que abofé aproveitará tódalas novas cualidades deste equipo.

Respecto ós diferentes modelos: hainos monoprocador de 1,6 e 1,8 Ghz, e biprocador de 2 Ghz. Todos utilizan de serie a superdrive (a grabadora de dvd de apple). Tamén ofrecen outras diferencias entre cada modelo, pero para iso aconsello achegarse ó comercio ou ben mirar na tenda da web de Apple, posto que son moitas as opcións que temos á hora de personalizar o equipo.

E engadimos máis novidades de hardware, a chegada de teclados e ratos inarámicos, e o novo powerbook de 15” .

Os teclados inarámicos, é algo que xa hai tempo se viña a solicitar dende a comunidade mac. Está fóra de dúbida algunha os que se viñan empregando, mais agora era preciso manterse ó día engadindo un modelo inarámico. Na Apple expo de París en setembro, Steve Jobs

presentou un modelo baseado en bluetooth, así como un rato que emprega a mesma tecnoloxía para comunicarse co equipo. Emprega pilas normais para a súa alimentación, cun modo automático de aforro de enerxía. O rato inarámico tamén emprega bluetooth e baterías de litio. Cando o vexades, comprobaredes que o seu deseño é similar ó modelo óptico con cable, co que iso conleva: un só botón. Xa sei que premendo teclas á vez un ten funcionalidades similares a utilizar un botón secundario, pero a ver se Apple vai tomando nota do que lle pedimos ós usuarios, e engádelle outro botón máis (ou algunha rodíña, tan práctica á hora de navegar). Se o teu mac non ten (como o meu powerbook mesmo) bluetooth integrado, sempre podes utilizar un adaptador d-link por usb (asegurádevos entón que é dos últimos, o modelo antigo non serve; e seica só pode utilizarse co Mac OS X 10.2.6).

Chegamos ó novo powerbook de 15 “. Xa non poderemos seguir chamando <<o titanium>>, posto que a partir de agora está construído en aluminio. As súas características xerais: procesador powerpc a 1,25 Ghz, airport extreme, gravadora de dvd de carga por ranura , RAM DDR de ata 2 Gb, e un prezo de 2898 euros (máis barato é o modelo combo, 2318 euros). E todo isto, cun peso de 2,5 kg e 2,8 cm. Un detalle máis, herdou do modelo de 17 “ o teclado retro-iluminado de xeito automático por fibra óptica. Xa sei que pode paracer un detalle sibirita, pero se ven con el, mellor que mellor (se tedes que traballar en exteriores ou con ambiente escuro, é moi de agradecer para non ter que utilizar as lámpadas por usb). En canto a conexións e almacenamento, temos usb 2.0, firewire de 400 e de 800, e ata 80 gb de disco duro. Emprega unha tarxeta gráfica Mobility Radeon 9600 de ati, con 64 megas de SDRAM DDR. Autonomía : 4,5 horas.

E isto é o que temos de novo neste mes, hardware e máis hardware. Se coma min inda tedes mac de sobra para seguir traballando (ben, a verdade é que teño ganas de probar con máis tempo o rato e o teclado inarámicos, é probable que me faga coa parella), sempre podemos adicar o noso tempo libre a sacarlle partido ó noso Mac OS X , utilizando as últimas aplicacións de código aberto portadas dende outros unix libres, conseguíndoas por exemplo en <http://www.osxgnu.org/>.





por REDACCIÓN


Continúan a desenvolverse en diversas localidades de Galicia as iniciativas que forman parte do programa "Conducción Segura" da Dirección Xeral de Xuventude. O obxectivo deste plan é poñer a disposición dos rapaces e rapazas galegos as máis modernas tecnoloxías e dispositivos para que coñezan de primeira man as normas de circulación básicas antes de incorporarse, cando sexan maiores, ó tráfico real das nosas estradas. A finais de setembro o curso "Agora Moto" (forma parte de "Conducción Segura") estaba tendo lugar en Lugo (no Pazo de Deportes, emprazado no Campus Universitario). Nel viñan participando nenos de entre 12 e 14 anos, realizando actividades de formación en educación vial que lles permitirán, sobre unhas habilidades xa existentes no manexo da bicicleta, perfeccionarse na en ocasións complicada conducción dun vehículo de dúas rodas. "Agora moto", coma case tódolos cursos destas características (vencellados á conducción) consta de dúas partes: unha teórica e a outra práctica. Na primeira explicáselles como é un ciclomotor, as súas partes principais e as primeiras nocións técnicas, así como a indumentaria axeitada e as actitudes de conducción. A segunda parte, de carácter práctico, abrangue unha toma de contacto coa motocicleta, sempre en circuitos pechados e controlados por monitores de educación vial. Os alumnos estarán equipados con casco integral e protectores de codos e xeonllos. Por certo que en Lugo foi a primeira vez que se celebrou o programa específico "Agora moto", que supón unha novidade dentro das actividades de "Conducción segura, cursos de conducción en circunstancias adversas para a xuventude". En "Agora moto" prevese que participen arredor de 700 mozos.

O edición 2003 do programa "Conducción Segura" leva percorrendo as principais cidades galegas dende abril. Santiago, Ourense, Ferrol, Vigo e Lugo foron os escenarios dos primeiros contactos dos rapaces co manexo dos vehículos motorizados. Agora tócalles ós que faltan: os mozos e mozas da Coruña, onde comezará o programa o 1 de outubro para estenderse ata o 18 (agás os domingos). Por certo que este derradeiro día está previsto que se celebre unha xornada para discapacitados (os obxectivos dos organizadores é que ninguén se quede fóra do programa). Como noutras edicións, o curso consistirá basicamente na realización de actividades de formación en educación vial que permitirán á mocidade conseguir as habilidades necesarias para un manexo eficaz dos automóviles. A iniciativa está orientada a xoves de entre 18 e 30 anos, agás nas prácticas para discapacitados, onde o requisito é posuír o carné de conducir, aínda que con preferencia para a devandita franxa de idade. A Dirección Xeral de Xuventude dispuxo ó longo do ano para a realización das probas, de 15 coches, Citroën C-3, equipados cos sistemas de seguridade ABS, control de tracción e de estabilidade. As actividades inclúen técnicas para aprender a dosificar o acelerador coa fin de evitar as subviraxes sláalom, freada asimétrica para destacar as vantaxes do ABS e do control de estabilidade, ou freada en esquiante ante un imprevisto. O ano pasado participaron 3.500 mozos e mozas, e nada hai que indique que para esta edición se vaia obter unha cifra inferior, en todo caso é moi posible que se incremente.



"Conducción segura": novas técnicas ó servizo da aprendizaxe





Según fuentes de la nueva plataforma, no va a cambiar nada, todos seguirán con sus terminales, tarjetas y satélites, e incluso los nuevos clientes podrán elegir cual de los dos sistemas quieren que se les instale, aunque claro está que ellos recomiendan Astra y su Seca2

un 30% de los usuarios de la nueva plataforma D+ vean gratis sus emisiones

ya están en el mercado ciertos receptores que, conociendo este agujero, decodifican la señal sin ningún tipo de tarjeta de acceso condicional, aparece ya la tarjeta virtual y el Autorrol, ya que la plataforma cambia de clave casi a diario, pero estos receptores son capaces de encontrar estos códigos sin ningún tipo adicional de información



por Breogán



El gran Buque, resultante de la fusión de las dos plataformas digitales españolas, tiene una VIA de Agua. Efectivamente, los usuarios de la extinguida plataforma Vía Digital, que ya venían pirateando sus emisiones, siguen haciéndolo con la nueva programación de Digital Plus. Ello supone que un 30% de los usuarios de la nueva plataforma D+ vean gratis sus emisiones. Aunque los operadores, con la incorporación del nuevo formato de codificación Seca2, habían conseguido erradicar prácticamente la visión gratuita de la programación de C+, con la fusión vuelven a quedar al descubierto, merced al profundo boquete que le deja abierto el sistema de codificación Nagravisión que sigue emitiendo la nueva plataforma D+ a través de Hispasat.

Es de destacar que el sistema Nagravisión es mucho más complejo y seguro que el Seca 2, debido a que no permite la piratería masiva como el antiguo sistema Seca, sino que la solución para saltarse el sistema de pago por visión pasa por conocer una clave individual que reside dentro de cada receptor y que es intransferible a otros, imposibilitando por ello la difusión masiva de estos códigos a través de Internet como sucedía con el antiguo formato Seca. El resultado es que los que se abonan a esta nueva plataforma a través del satélite Hispasat juegan con ventaja a la hora de conseguir evadir el pago por visión y abrir toda la programación de la plataforma.

Tal es la demanda, que ya están en el mercado ciertos receptores que, conociendo este agujero, decodifican la señal sin

¿Se puede BURLAR la NEGRA?

ningún tipo de tarjeta de acceso condicional, aparece ya la tarjeta virtual y el Autorrol, ya que la plataforma cambia de clave casi a diario, pero estos receptores son capaces de encontrar estos códigos sin ningún tipo adicional de información. Todo un lujo tecnológico al alcance incluso de los bolsillos menos agraciados. La posibilidad de cambiarle el software interno a los equipos de la anterior plataforma Canal Satélite y convertirlos en Multiplataforma también está siendo una alternativa para aquellos piratas mas osados que con una antena orientada hacia el Hispasat también consiguen ver gratuitamente la Programación D+. Hoy por hoy todavía no está decidido cual de los dos formatos se va a imponer, si Astra con Seca2 o Hispasat con Nagravisión.

Según fuentes de la nueva plataforma, no va a cambiar nada, todos seguirán con sus terminales, tarjetas y satélites, e incluso los nuevos clientes podrán elegir cual de los dos sistemas quieren que se les instale, aunque claro está que ellos recomiendan Astra y su Seca2.

Tampoco se sabe hasta donde hace peligrar el escoramiento del buque esta vía de agua - y de eso tenemos ejemplos recientes no muy lejos de nuestras costas - ni que puede pasar si este 30% se


mantiene o va en claro aumento, e incluso el coste de cambiarles las antenas y los receptores a todos estos abonados. También apuntan a que a la nueva plataforma tiene interés en tener entretenidos a los piratas en las investigaciones en la popa del barco para que no se investigue en su proa, ya que cualquier descubrimiento importante le supondría un inmediato hundimiento de su plataforma a nivel europeo. Parece razonable que después de haberse gastado seis millones de euros en su famosa tarjeta negra y las transformaciones que ello supuso, no vuelvan a realizar cambios hasta la implantación del nuevo estándar para todo Europa, el sistema MHP, un sistema que permitirá a los terminales ofrecer un gran conjunto de aplicaciones interactivas. Tendrá disco duro incorporado y permitirá la descarga de música, vídeo y datos multimedia bajo demanda, e incorporará funciones como la grabación-reproducción en paralelo, y el acceso a contenidos de Internet personalizables, así como aglutinar en un solo receptor la TV digital terrestre y la de satélite.

Esperemos que mientras todo esto llega, no se nos hunda otro barco cargado de buenas intenciones tan cerca.

Hai días que un non está para nada, e navegando pola Rede apetece en ocasións tomarse un respiro e perder un pouco de tempo relaxándonos coas moitas posibilidades de diversión que nos ofrece Internet.

Imos ver algunhas páxinas interesantes para perder o tempo.

Perdetempos: páxinas para cando non hai nada que facer



barlovento



Xogos "flash"

www.orisinal.com

Desta páxina xa falamos con ocasión dos premios "Webby", pero como sigue sendo a mellor, ou das mellores, volvémosla a recomendar. A súa sinxela presentación esconde en realidade un traballo ben feito, con un gusto estético exquisito, e, sen perder tempo, lévanos directamente ós xogos. Estes son moi orixinais, nada de clásicos moi coñecidos, esteticamente preciosos, moi ben realizados e sorprendentemente aditivos en xeral. Páxina para non perder.



Xogos de Enxeño

[www.geocities.com/
Eureka/Promenade/5577](http://www.geocities.com/Eureka/Promenade/5577)

Tamén esta páxina ten unha presentación sinxela, incluso moi "caseira", pero contén un bo número de acertixos, adiviñas, problemas de lóxica e matemáticas, etc. orixinais. A dificultade está reflectida na presentación para non complicarse moito a vida. Pódese concursar enviando as solucións que atopemos e recibiremos unha

valoración se acertamos ou algunha pista se andamos cerca. As solucións NON están na páxina. Hainas que pedir expresamente. Menos mal porque de non ser así non duraría moito.



Animacións

www.liquidgeneration.com

Espectacular páxina de animacións "flash". Esixe conexión de alta velocidade, pero a carga é relativamente rápida. O apartado gráfico é sobresaínte, con coloridos espectaculares, debuxos moi ben realizados e interesantes propostas. Non só se tratan das animacións se non que ademais hai acertixos, test, etc. Esta é unha páxina para perderse.



Anuncios:

www.adstreaming.com

Os anuncios están de moda. Esta páxina ofrece o curioso dos moitísimos anuncios, accesibles a través de índices e categorías para tódolos gustos. Así mesmo presenta novidades das últimas feiras e concursos publicitarios. Pero ademais todo isto ven envolto nunha presentación que ben paga a pena observar detidamente. Unha vez máis necesítase unha conexión rápida.



Debuxos:

www.cartoonster.com

Esta páxina está dirixida a rapaces que queiran aprender a facer debuxos animados, pero calquera pode quedar enganchado cos seus tutoriais e instrucións. Desgraciadamente está en inglés, pero cun pouco que se saiba abonda. Calquera mínimamente interesado no tema debe pasar por ela e botar unha ollada, porque ademais a presentación e o colorido son moi bos.

Despois de visitar estas páxinas xa podedes volver ó traballo.
... se non se fixo de noite.

PC Práctico



por
Emiliano
emiliagv@usc.es

X-Scan é un analizador de vulnerabilidades de todo tipo de redes

X-Scan está en español, a traducción ó español e as melloras introducidas foron feitas polos membros de la AIH

A A.I.H. tamén traduxo oficialmente ó español o programa de seguridade informática Shadow Security Scanner

X-SCAN. Analizador de vulnerabilidades

INTRODUCCIÓN E DESCARGA

É unha ferramenta de Xfocus e podemos obter información deste programa no sitio <http://www.xfocus.org> e descargalo desde o sitio web da AIH, Asociación Info Hackers <http://www.infohackers.org> (un sitio moi interesante polos seus contidos) para elo, situados no sitio web, no recadro de nome **Downloads** escribimos o texto sen comiñas **"x-scan"** e prememos no botón **"Buscar"**; na pantalla que xorde, semellante a da figura, prememos no hipervínculo que hai no nome do programa **"x-scan"**.

O programa que descargamos

rexistro e instalación algunha. Serve para Windows 9x/NT4/2000/2003 e Linux. Baixo Windows 98/NT 4.0, é imposible distinguir o sistema operativo remoto a causa da pila TCP/IP fingerprinter. Baixo Windows 98, ten restrinxido Netbios e a función de análises SNMP.

X-Scan é un analizador de vulnerabilidades de todo tipo de redes para rangos específicos de IP ou para analizar un único ordenador por método multi-threading.

Encontra e localiza fallos en portos, detecta debilidades nos contrasinais, buratos nas bases de datos, contas de invitado, entradas compartidas, inseguridades en

para executalo. Xa que non precisa instalación.


3. A seguinte figura amosa o interface sinxelo do programa




4. Na xanela que aparece facer clic no menú **"Configurar"**, opción **"Parámetros de Análisis"** e seleccionar as opcións desexadas en todas as pestanas das follas que aparecen.



5. Facer clic no menú **"Configurar"**, opción **"Módulo del Analizador"** e seleccionar as opcións desexadas nas casillas que aparecen.



6. Facer clic no menú **"Archivo"**, opción **"Ejecutar"** para poñelo en marcha, a xanela que se amosa tería un aspecto semellante ó da seguinte figura:




7. Espere a que remate, ata que vexa a mensaxe **"Análisis de vulnerabilidades completado"**. Daquela, poderá ollar o resultado en formato HTML na páxina que se atopa co nome **index_*.htm** no cartafol **/log**



EXECUTANDO XSCAN.EXE

1. Forma de traballo en modo comando, só indicado para persoas que teñan certos coñecementos, por exemplo en Windows XP, situarse no escritorio e premer botón **"Inicio"**, **"Todos los programas"**,

"Léeme") e que di por exemplo, que serán analizados o tipo de sistema operativo e a versión baseada en pila TCP/IP (como o fai nmap), estado de portos estándar e información do BANNER de cada porto, información SNMP, vulnerabilidades CGI, IIS, RPC, e SSL, SQL-SERVER, FTP-



2. Xurdirá unha xanela e escriba o comando **CD ** e prema na tecla **"Entrar"**

3. Escriba o comando **CD** seguido do **nome do cartafol no que descomprimiu o programa**. e prema na tecla **"Entrar"**


4. Escriba **xscan** premendo na tecla **"Entrar"** e obterá unha axuda como a que se amosa na seguinte figura.
5. Probe as opcións e para saír escriba **exit** e prema na tecla **"Entrar"**.

O programa ven acompañado dun ficheiro **readme.txt** que é o manual de utilización (dispoñible desde o menú **"Ayuda"**, opción

SERVER, SMTP-SERVER, POP3-SERVER, NT-SERVER probas de contrasinais febles e usuarios, NT server información NETBIOS, información do Rexistro, etc.

Xenera os informes en formato HTML, o resultado pode ser arquivado no cartafol **/log/**, e localizado baixo un **index_*.htm** que pode ser visualizado con calquera navegador web.

A A.I.H. tamén traduxo oficialmente ó español o programa de seguridade informática Shadow Security Scanner, agora os seus creadores colocaron un ficheiro de actualización do idioma na súa páxina web, pronto colocarán o executable traducido ó español. O funcionamento deste programa é semellante ó descrito anteriormente.



chámase **xscan-spanish.zip** e ocupa 2.5 Mb de espacio en disco, na versión 2.3 e foi engadido a web da A.I.H. ó 24/05/2003

X-Scan está en español, a traducción ó español e as melloras introducidas foron feitas polos membros de la AIH, por exemplo, ampliouse o diccionario de ataques de forza bruta con 85.000 termos en español, incluíndo nomes de usuario; engadiuse un pluguin para analizar redes con fallos WebDAV que non se contemplaba na versión orixinal inglesa, compilouse o código de novo e fíxose constar quen o adaptou ó español.

É gratuito e pode ser executado despois de descomprimirse, sen

contas de correo, emprega varios dicionarios editables (pódense engadir palabras e contrasinais) e pode usar un proxy para converterse en anónimo.

Soporta Plug-ins e permite traballar desde a liña de comandos (executando o ficheiro **xscan.exe**) como desde un entorno gráfico Windows (executando o ficheiro **xscan_gui.exe**).

EXECUTANDO XSCAN_GUI.EXE

1. Situarse na carpeta na que se descomprimiu o ficheiro **.zip**
2. Premer dúas veces no ficheiro **xscan_gui.exe**

Solucions para
EMPRESAS E PROFESIONAIS

“Informatizar 43.721 referencias leva demasiado tempo para que un virus ou un hácker o destrúa nun intre”



Soluciones ADSL » Seguridad

PROTEXER A SÚA INFORMACIÓN ANTE TODO

Desde que esta empresa traballa coas Solucions ADSL Seguridade conta con:

- O último **Antivirus** que elimina calquera virus que pretenda destruír a información dos seus ordenadores.
- Un sistema “**Firewall PC**” que impide que ninguén acceda aos seus equipos para roubar ou utilizar a súa información.

Chámenos. Por unha accesible cota mensual vostede tamén poderá descargar on line estas aplicacións e protexer a información da súa empresa sen ter que se preocupar das actualizacións.

Impulsar o seu negocio coa Banda Anpla nunca foi tan doado e accesible.

Agora
**Antivirus
+
Firewall PC**
por só **6 €/mes***
(IVE non incluído).



* Prezo por licenza. Configuración mínima de dúas licencias.

telefonicaonline.com/solucionesadsl

Telefonica

Infórmese no **900 555 022** ou no seu distribuidor
Servizo de Atención Empresas



contratación exclusiva /
a través de internet



CAIXAGALICIA

→ UNA CONEXIÓN MUY RENTABLE

www.caixagalicia.es ←

→ On Cuenta

Una cuenta corriente con unas condiciones que le van a sorprender:

- Alta rentabilidad: **1,50% TAE*** para cualquier importe
- Sin comisiones de administración, mantenimiento ni apunte.
- Con todos los servicios: podrá solicitar medios de pago asociados a su cuenta y domiciliar sus recibos de forma totalmente gratuita.
- Tarjeta Visa Electrón gratis el primer año.

TAE*
1,50%

[*] Interés nominal: 1,49%. Liquidación anual de intereses.

Contratación exclusiva a través de Internet o Teléfono



NUEVOS TIEMPOS NUEVOS CANALES

Autorizado por D.X.F.F.T. 16/08/2003



 902 209 166
www.caixagalicia.es

 CAIXAGALICIA